



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 21
3 de maio de 2024

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 2742 (12/POP-000416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal

[7128](#)

Admisión a trámite e publicación

I 2117 (12/POP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 3 máis

Sobre a xestión das axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

[7135](#)

I 2125 (12/POP-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte

[7135](#)

I 2128 (12/POP-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027

[7138](#)

I 2134 (12/POP-000337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto das turbeiras acedas, calcarias e dos hábitats paraturbosos de Galicia

[7141](#)

I 2142 (12/POP-000338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os resultados ofrecidos polo Plan de transporte público de Galicia

[7143](#)



I 2147 (12/POP-000339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde de Monte Porreiro, en Pontevedra

[7147](#)

I 2152 (12/POP-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o inicio das obras da segunda fase da autovía Nadela-Monforte

[7149](#)

I 2157 (12/POP-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto dos hábitats de matogueiras e queirogais de Galicia

[7152](#)

I 2167 (12/POP-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a posibilidade de acceso dos titulares de explotacións agrarias á realización presencial dos seus trámites administrativos con independencia da opción telemática

[7154](#)

I 2172 (12/POP-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a axilización do pagamento das subvencións correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 do Real decreto 477/2021, incentivos vinculados ao autoconsumo e almacenamento de enerxía

[7157](#)

I 2176 (12/POP-000344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

[7162](#)

I 2182 (12/POP-000345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ás políticas económicas orientadas a frear a emigración da xente nova que busca oportunidades laborais fóra de Galicia

[7165](#)

I 2189 (12/POP-000346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre a mellora das instalacións da Residencia de Maiores de Oleiros

[7167](#)



I 2195 (12/POP-000347)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre o incidente ocorrido na parroquia de Liáns, en Oleiros, no que se produciu a destrución dun hórreo mariñán

[7170](#)**I 2210 (12/POP-000348)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre a situación do servizo de transporte sanitario terrestre na Área Sanitaria de Vigo

[7172](#)**I 2218 (12/POP-000349)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre os datos de pacientes e tempos medios máximos das listas de espera non estruturais do Sergas

[7175](#)**I 2224 (12/POP-000350)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as valoracións que fai o Goberno galego verbo das condicións de xubilación e cobertura social en que están os profesionais da avogacía e da procuradoría con afiliación ás mutuas profesionais

[7178](#)**I 2229 (12/POP-000351)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre a cobertura da praza de pediatría en quenda de tarde do Centro de Saúde de Cambre

[7181](#)**I 2236 (12/POP-000352)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 8 máis**

Sobre as previsións respecto do acceso ás técnicas de reprodución asistida das pacientes de Lugo e Ourense

[7183](#)**I 2239 (12/POP-000353)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as peticións da veciñanza de Areas, no concello de Tui, respecto do proxecto de acondicionamento da estrada N-551

[7186](#)**I 2249 (12/POP-000354)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a eventual modificación da Lei de Portos de Galicia para eximir os concellos e as entidades sen ánimo de lucro do pago de canons pola utilización nos portos de espazos para actividades sociais

[7189](#)

I 2258 (12/POP-000355)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a planificación do Goberno galego relativa ás actuacións no porto da Pobra do Caramiñal co fin de mellorar a produtividade marisqueira das praias do Areal e dos Raposiños [7192](#)

I 2264 (12/POP-000356)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación asistencial dos períodos estivais nos centros sanitarios de Vigo [7195](#)

I 2269 (12/POP-000357)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector [7197](#)

I 2279 (12/POP-000358)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre a elaboración e aplicación no prazo dun mes dun protocolo de baleirado dos encoros das bacías hidrográficas de competencia da Xunta de Galicia [7200](#)

I 2317 (12/POP-000360)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 4 máis**

Sobre a mellora dos horarios na liña XG623 de transporte por estrada entre Lugo, Ourense e Vigo, concretamente no traxecto Ourense-Lugo [7204](#)

I 2322 (12/POP-000361)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o grao de execución orzamentaria entre 2009 e 2023 en materia de I+D [7208](#)

I 2331 (12/POP-000362)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas para mellorar o proceso de acollida familiar e evitar que ningún menor de 6 anos permaneza nos centros de protección [7211](#)

I 2341 (12/POP-000363)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención da soidade non desexada [7215](#)



I 2345 (12/POP-000364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas aínda pola Xunta de Galicia [7218](#)

I 2356 (12/POP-000365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora do estado das infraestruturas do CEIP Barrié de la Maza, de Santa Comba [7221](#)

I 2362 (12/POP-000366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a cobertura de todas as áreas sanitarias con servizos de xeriatría para atender unha poboación progresivamente máis envellecida [7224](#)

I 2367 (12/POP-000367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración do protocolo seguido no ágape posterior á toma de posesión do presidente Rueda no que prestaron servizo estudantes de hostalaría [7226](#)

I 2372 (12/POP-000368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas que prevé a Xunta de Galicia para garantir a seguridade de vehículos e peóns na estrada AC-453, especialmente entre Augapesada e Portomouro, nos concellos de Ames e Val do Dubra [7228](#)

I 2377 (12/POP-000369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante o remate da concesión hoteleira do mosteiro de San Clodio de Leiro [7230](#)

I 2384 (12/POP-000370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel

Sobre os resultados do SPA e do centro de viñoterapia que foron instalados no mosteiro de San Clodio de Leiro [7233](#)

I 2398 (12/POP-000371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre o problema da remuda xeracional no sector vitícola da Ribeira Sacra [7236](#)



I 2406 (12/POP-000372)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre os problemas de seguridade existentes no Punto de Atención Continuada de Ourense pola frecuente entrada de persoas alleas ao centro

[7238](#)**I 2413 (12/POP-000373)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa execución da terceira fase do polígono industrial de Ribadavia

[7240](#)**I 2419 (12/POP-000374)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a radicación exclusiva en centros de titularidade e xestión públicas daqueles equipamentos que o sistema público galego de saúde reciba mediante doazón

[7243](#)**I 2430 (12/POP-000375)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e 2 máis**

Sobre o prazo previsto para a presentación do plan director de infraestruturas anunciado no programa de goberno do Partido Popular

[7245](#)**I 2435 (12/POP-000376)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o proxecto de restauración que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia no Parque do Pasatempo de Betanzos

[7248](#)**I 2440 (12/POP-000377)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre a transferencia a Galicia das competencias en materia de homologación e declaración de equivalencia de títulos de educación superior obtidos no estranxeiro

[7250](#)**I 2445 (12/POP-000378)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre a eventual construción de novas infraestruturas de xestión pública e directa por parte da Xunta de Galicia co fin de mellorar a atención á vellez na comarca do Ribeiro

[7252](#)**I 2450 (12/POP-000379)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**

Sobre as medidas para frear a deslocalización industrial no sector da automoción na área de Vigo

[7255](#)

I 2461 (12/POP-000380)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a porcentaxe que, dentro do conxunto da vivenda protexida que se prevé desenvolver nesta lexislatura na Coruña, será de promoción pública en alugueiro

[7258](#)**I 2469 (12/POP-000381)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a situación sanitaria na provincia de Ourense

[7261](#)**I 2471 (12/POP-000382)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre o traballo que prevé levar a cabo nesta lexislatura a Xunta de Galicia no que atinxe á atención á saúde mental da mocidade galega

[7264](#)**I 2484 (12/POP-000383)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**

Sobre a reclamación da Xunta de Galicia ao Goberno central do restablecemento das liñas de tren nocturno entre Monforte de Lemos e Barcelona

[7267](#)**I 2495 (12/POP-000384)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as razóns dunha posible conversión da Secretaría Xeral de Igualdade en dúas direccións xerais

[7270](#)**I 2498 (12/POP-000385)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**

Sobre a aprobación no Parlamento Europeo dun regulamento sobre a prevención da contaminación por microplásticos que finalmente incluíu o transporte marítimo de granulado de plástico reciclado

[7273](#)**I 2504 (12/POP-000386)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as consecuencias do procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrència pública nas autorizacións de concesións no dominio público marítimo-terrestre

[7275](#)**I 2510 (12/POP-000387)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as perspectivas que ten a Xunta de Galicia respecto da transferencia das funcións e dos servizos en materia de ordenación do litoral

[7279](#)

I 2516 (12/POP-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a probable intensificación dos actuais problemas xerados pola masificación turística co cambio das tendencias e dos fluxos que provoca o cambio climático

[7282](#)

I 2522 (12/POP-000389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a mellora da dotación do cadro de persoal do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[7285](#)

I 2531 (12/POP-000390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a adecuación dos recursos dos xulgados dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Chantada e Viveiro ao crecente volume de traballo que soportan

[7288](#)

I 2537 (12/POP-000391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os prazos previstos para o inicio da execución do proxecto de mellora da seguridade no porto de Malpica de Bergantiños

[7291](#)

I 2544 (12/POP-000392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a nova conxuntura aberta pola postura da Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9

[7295](#)

I 2549 (12/POP-000393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación do alumnado afectado polo Programa E-Dixgal respecto das axudas á adquisición de libros de texto e material escolar

[7298](#)

I 2559 (12/POP-000394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre o eventual desenvolvemento dun plan para a reactivación industrial e produtiva da comarca de Vigo

[7302](#)

I 2564 (12/POP-000395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os problemas do sector marisqueiro na ría de Camariñas

[7306](#)



I 2570 (12/POP-000396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no relativo ás actuacións para a preservación da calidade das augas na ría de Arousa [7310](#)

I 2578 (12/POP-000397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o fomento da produción de semente propia para repoboar os bancos marisqueiros [7313](#)

I 2582 (12/POP-000398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a xestión dunha cesión de vivendas da Sareb en Vigo para incorporar ao parque público do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou, se é o caso, do propio Concello de Vigo [7316](#)

I 2583 (12/POP-000399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a política seguida pola Sareb nas vivendas da rúa Privada Moderna, de Vigo [7319](#)

I 2589 (12/POP-000400)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 6 máis

Sobre os obxectivos da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular do Congreso dos Deputados que propón unha nova estratexia de conservación do lobo en España [7322](#)

I 2594 (12/POP-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, Carmela

Sobre o estado en que se atopa a actividade de descarga de túnidos no porto da Pobra do Caramiñal [7325](#)

I 2598 (12/POP-000402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o traballo realizado polo Goberno galego desde outubro de 2022 para paliar as consecuencias para a frota do palangre das vedas impostas pola Comisión Europea á pesca de fondo [7328](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de abril de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 2742 (12/POP-000416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis
Sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal

Admisión a trámite e publicación

- 2117 (12/POP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e 3 máis
Sobre a xestión das axudas á mocidade derivadas do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025

- 2125 (12/POP-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBfobia no mundo do deporte

- 2128 (12/POP-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o contido e o estado de elaboración da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000 para a redacción do Marco de acción prioritaria 2021-2027

- 2134 (12/POP-000337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto das turbeiras acedas, calcarias e dos hábitats paraturbosos de Galicia

- 2142 (12/POP-000338)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma
Sobre os resultados ofrecidos polo Plan de transporte público de Galicia



- 2147 (12/POP-000339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde de Monte Porreiro, en Pontevedra

- 2152 (12/POP-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o inicio das obras da segunda fase da autovía Nadela-Monforte

- 2157 (12/POP-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a política de restauración e protección que prevé desenvolver o Goberno galego respecto dos hábitats de matogueiras e queirogais de Galicia

- 2167 (12/POP-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre a posibilidade de acceso dos titulares de explotacións agrarias á realización presencial dos seus trámites administrativos con independencia da opción telemática

- 2172 (12/POP-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a axilización do pagamento das subvencións correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 do Real decreto 477/2021, incentivos vinculados ao autoconsumo e almacenamento de enerxía

- 2176 (12/POP-000344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao remate da autovía da Costa da Morte

- 2182 (12/POP-000345)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ás políticas económicas orientadas a frear a emigración da xente nova que busca oportunidades laborais fóra de Galicia

- 2189 (12/POP-000346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre a mellora das instalacións da Residencia de Maiores de Oleiros



- 2195 (12/POP-000347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o incidente ocorrido na parroquia de Liáns, en Oleiros, no que se produciu a destrución dun hórreo mariñán

- 2210 (12/POP-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a situación do servizo de transporte sanitario terrestre na Área Sanitaria de Vigo

- 2218 (12/POP-000349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre os datos de pacientes e tempos medios máximos das listas de espera non estruturais do Sergas

- 2224 (12/POP-000350)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as valoracións que fai o Goberno galego verbo das condicións de xubilación e cobertura social en que están os profesionais da avogacía e da procuradoría con afiliación ás mutuas profesionais

- 2229 (12/POP-000351)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a cobertura da praza de pediatría en quenda de tarde do Centro de Saúde de Cambre

- 2236 (12/POP-000352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 8 máis

Sobre as previsións respecto do acceso ás técnicas de reprodución asistida das pacientes de Lugo e Ourense

- 2239 (12/POP-000353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as peticións da veciñanza de Areas, no concello de Tui, respecto do proxecto de acondicionamento da estrada N-551

- 2249 (12/POP-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a eventual modificación da Lei de Portos de Galicia para eximir os concellos e as entidades sen ánimo de lucro do pago de canons pola utilización nos portos de espazos para actividades sociais



- 2258 (12/POP-000355)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a planificación do Goberno galego relativa ás actuacións no porto da Pobra do Caramiñal co fin de mellorar a produtividade marisqueira das praias do Areal e dos Raposiños

- 2264 (12/POP-000356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da planificación asistencial dos períodos estivais nos centros sanitarios de Vigo

- 2269 (12/POP-000357)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a valoración do exercicio que fai a Xunta de Galicia das súas competencias exclusivas en materia de marisqueo ante a situación actual do sector

- 2279 (12/POP-000358)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a elaboración e aplicación no prazo dun mes dun protocolo de baleirado dos encoros das bacías hidrográficas de competencia da Xunta de Galicia

- 2317 (12/POP-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 4 máis

Sobre a mellora dos horarios na liña XG623 de transporte por estrada entre Lugo, Ourense e Vigo, concretamente no traxecto Ourense-Lugo

- 2322 (12/POP-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o grao de execución orzamentaria entre 2009 e 2023 en materia de I+D

- 2331 (12/POP-000362)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as medidas para mellorar o proceso de acollida familiar e evitar que ningún menor de 6 anos permaneza nos centros de protección

- 2341 (12/POP-000363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o cumprimento das políticas anunciadas polo Goberno galego en materia de prevención da soidade non desexada



- 2345 (12/POP-000364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as políticas sociais anunciadas e non desenvolvidas aínda pola Xunta de Galicia

- 2356 (12/POP-000365)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora do estado das infraestruturas do CEIP Barrié de la Maza, de Santa Comba

- 2362 (12/POP-000366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a cobertura de todas as áreas sanitarias con servizos de xeriatría para atender unha poboación progresivamente máis envellecida

- 2367 (12/POP-000367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración do protocolo seguido no ágape posterior á toma de posesión do presidente Rueda no que prestaron servizo estudantes de hostalaría

- 2372 (12/POP-000368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas que prevé a Xunta de Galicia para garantir a seguridade de vehículos e peóns na estrada AC-453, especialmente entre Augapesada e Portomouro, nos concellos de Ames e Val do Dubra

- 2377 (12/POP-000369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante o remate da concesión hoteleira do mosteiro de San Clodio de Leiro

- 2384 (12/POP-000370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel

Sobre os resultados do SPA e do centro de viñoterapia que foron instalados no mosteiro de San Clodio de Leiro

- 2398 (12/POP-000371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre o problema da remuda xeracional no sector vitícola da Ribeira Sacra



- 2406 (12/POP-000372)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre os problemas de seguridade existentes no Punto de Atención Continuada de Ourense pola frecuente entrada de persoas alleas ao centro

- 2413 (12/POP-000373)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa execución da terceira fase do polígono industrial de Ribadavia

- 2419 (12/POP-000374)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a radicación exclusiva en centros de titularidade e xestión públicas daqueles equipamentos que o sistema público galego de saúde reciba mediante doazón

- 2430 (12/POP-000375)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre o prazo previsto para a presentación do plan director de infraestruturas anunciado no programa de goberno do Partido Popular

- 2435 (12/POP-000376)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o proxecto de restauración que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia no Parque do Pasatempo de Betanzos

- 2440 (12/POP-000377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a transferencia a Galicia das competencias en materia de homologación e declaración de equivalencia de títulos de educación superior obtidos no estranxeiro

- 2445 (12/POP-000378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a eventual construción de novas infraestruturas de xestión pública e directa por parte da Xunta de Galicia co fin de mellorar a atención á vellez na comarca do Ribeiro

- 2450 (12/POP-000379)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as medidas para frear a deslocalización industrial no sector da automoción na área de Vigo



- 2461 (12/POP-000380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a porcentaxe que, dentro do conxunto da vivenda protexida que se prevé desenvolver nesta lexislatura na Coruña, será de promoción pública en alugueiro

- 2469 (12/POP-000381)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación sanitaria na provincia de Ourense

- 2471 (12/POP-000382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o traballo que prevé levar a cabo nesta lexislatura a Xunta de Galicia no que atinxe á atención á saúde mental da mocidade galega

- 2484 (12/POP-000383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a reclamación da Xunta de Galicia ao Goberno central do restablecemento das liñas de tren nocturno entre Monforte de Lemos e Barcelona

- 2495 (12/POP-000384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as razóns dunha posible conversión da Secretaría Xeral de Igualdade en dúas direccións xerais

- 2498 (12/POP-000385)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a aprobación no Parlamento Europeo dun regulamento sobre a prevención da contaminación por microplásticos que finalmente incluíu o transporte marítimo de granulado de plástico reciclado

- 2504 (12/POP-000386)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as consecuencias do procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrència pública nas autorizacións de concesións no dominio público marítimo-terrestre

- 2510 (12/POP-000387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as perspectivas que ten a Xunta de Galicia respecto da transferencia das funcións e dos servizos en materia de ordenación do litoral



- 2516 (12/POP-000388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a probable intensificación dos actuais problemas xerados pola masificación turística co cambio das tendencias e dos fluxos que provoca o cambio climático

- 2522 (12/POP-000389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a mellora da dotación do cadro de persoal do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 2531 (12/POP-000390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a adecuación dos recursos dos xulgados dos partidos xudiciais de Monforte, Sarria, Chantada e Viveiro ao crecente volume de traballo que soportan

- 2537 (12/POP-000391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os prazos previstos para o inicio da execución do proxecto de mellora da seguridade no porto de Malpica de Bergantiños

- 2544 (12/POP-000392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a nova conxuntura aberta pola postura da Comisión Europea respecto das prórrogas da concesión da AP-9

- 2549 (12/POP-000393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación do alumnado afectado polo Programa E-Dixgal respecto das axudas á adquisición de libros de texto e material escolar

- 2559 (12/POP-000394)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre o eventual desenvolvemento dun plan para a reactivación industrial e produtiva da comarca de Vigo

- 2564 (12/POP-000395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre os problemas do sector marisqueiro na ría de Camariñas



- 2570 (12/POP-000396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no relativo ás actuacións para a preservación da calidade das augas na ría de Arousa

- 2578 (12/POP-000397)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o fomento da produción de semente propia para repoboar os bancos marisqueiros

- 2582 (12/POP-000398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a xestión dunha cesión de vivendas da Sareb en Vigo para incorporar ao parque público do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou, se é o caso, do propio Concello de Vigo

- 2583 (12/POP-000399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a política seguida pola Sareb nas vivendas da rúa Privada Moderna, de Vigo

- 2589 (12/POP-000400)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 6 máis

Sobre os obxectivos da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular do Congreso dos Deputados que propón unha nova estratexia de conservación do lobo en España

- 2594 (12/POP-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e González Iglesias, Carmela

Sobre o estado en que se atopa a actividade de descarga de túnidos no porto da Pobra do Caramiñal

- 2598 (12/POP-000402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o traballo realizado polo Goberno galego desde outubro de 2022 para paliar as consecuencias para a frota do palangre das vedas impostas pola Comisión Europea á pesca de fondo

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA).

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta se posicione canto antes no Parlamento sobre a decisión de suprimir a Axencia Galega da Industria Forestal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) é unha axencia pública autonómica adscrita á consellería de medio rural con personalidade xurídica propia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

En particular, a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) contempla como obxectivos:

- Mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso, e con especial incidencia na segunda e seguintes fases.
- Incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co ambiente.
- Impulsar a creación de emprego de calidade no medio rural.
- Incentivar a mellora da formación e a cualificación do persoal empregado no sector forestal.

O día 25 de abril no DECRETO 49/2024, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, contemplase a supresión da XERA.

Desde o sector diversas asociacións de propietarios forestais e de empresarios consideran que desde a creación da Xera logrouse que todo o sector que compón a cadea forestal-madeira estivera articulado nunha única consellería. E, créanse sinerxias que foron moi favorables para todo o sector e, consideran que se estaba preto de concretar unha iniciativa público-privada para reforzar o I+D en toda a cadea forestal. E, que era debido a cercanía de todos os elos da cadea, lograda grazas ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballo da XERA. De feito, que en Galiza se fabrique CLT é un logro dese bo entendemento entre o sector público e privado promovido pola axencia, igual que a Fundación Arume.

Ademais, desde Xera íase a seguir traballando para a elaboración do Plan Forestal, Inventario Forestal, Plan Estratégico de la Industria Forestal-Madeira...

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Porque se suprime esta Axencia tan importante na cadea forestal-madeira?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/04/2024 16:10:50

José Manuel Golpe Acuña na data 29/04/2024 16:10:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/04/2024 16:11:03

Óscar Insua Lema na data 29/04/2024 16:11:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 29/04/2024 16:11:25

Ariadna Fernández González na data 29/04/2024 16:11:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 29/04/2024 16:11:39

Cristina Fernández Davila na data 29/04/2024 16:11:47

Carmela González Iglesias na data 29/04/2024 16:12:02

Paulo Ríos Santomé na data 29/04/2024 16:12:40

Alexandra Fernández Gómez na data 29/04/2024 16:12:55

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2024 16:13:04

Secundino Fernández Fernández na data 29/04/2024 16:13:12

Sonia Vidal Lamas na data 29/04/2024 16:13:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2024 16:13:45

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2024 16:14:01

Iago Suárez Fernández na data 29/04/2024 16:14:15

Montserrat Valcárcel Armesto na data 29/04/2024 16:14:24

Daniel Castro García na data 29/04/2024 16:14:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 29/04/2024 16:14:42

Iria Taibo Corsanego na data 29/04/2024 16:15:01

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2024 16:15:19

Daniel Pérez López na data 29/04/2024 16:15:26

Rosana Pérez Fernández na data 29/04/2024 16:15:39

Mercedes Queixas Zas na data 29/04/2024 16:15:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Carlos López Font, María Elena Espinosa Mangana e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O bono alugueiro para a mocidade de 250 euros implantado polo Goberno de España, dentro do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 xestiónase a través das comunidades autónomas. Segundo vén de facer público o último informe do Valedor do Pobo, a Xunta de Galicia incumpriu cos prazos de tres meses para dar resposta ás demandas que lle chegaron a través do IGVS (organismo encargado da súa xestión).

Isto significou que nunha comunidade onde o prezo de alugueiro nas cidades subiu unha media do 50 por cento nas cidades, a Xunta de Galicia tardou máis de dezaseis meses en dar unha resposta ás persoas solicitantes das axudas, toda vez que dixeran que en tres meses estarían resoltas as solicitudes. Isto faise difícil de crer xa que as axudas son de concesión directa, por orde cronolóxica de entrada, e nas que soamente hai que comprobar si se cumpriron as condicións.

O prazo abriuse o 1 de xullo de 2022 e en novembro de 2023 aínda respondían as solicitudes de xullo de 2022. E dun total de 14.441 solicitudes recibidas no IGVS, entre xullo e outubro de 2022. A mediados de decembro de 2023, a entidade só foi capaz de responder 5.500 expedientes.

A xestión tornouse un asunto embarullado xa que a Xunta de Galicia estableceu que pasados os tres meses si os solicitantes non recibían respostas, tiñan que dar por desestimado a súa petición. Posteriormente non



ocorreu así, outorgando axudas co tempo superado pero tamén deixou sen resposta nin capacidade de reacción a milleiros de solicitantes.

Ante tal falta de criterio de xestión e de falta de protocolo de actuación ante un tema que afecta de forma directa á vida de milleiros de mozos e mozas en Galicia, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales foron os criterios que seguiu a Xunta de Galicia a través das súas persoas responsables para que o IGVS tivera esta xestión de caos administrativo?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 18/04/2024 18:34:39

Carlos López Font na data 18/04/2024 18:34:47

Elena Espinosa Mangana na data 18/04/2024 18:34:55

Paloma Castro Rey na data 18/04/2024 18:35:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Desde o ano 2010, o 19 de febreiro celébrase o Día contra a LGTBIfobia no Deporte. Esta data foi elixida en homenaxe a Justin Fashanu, futbolista do Norwich City que foi un dos primeiros en falar da homosexualidade en 1990 e que no ano 1998 quitouse a vida tras 8 anos marcados polo acaso e a violencia homófoba.

A pesares de teren transcorrido varias décadas para moitas persoas LGTBI+ a vergoña, a estigmatización e a discriminación produto da LGTBIfobia seguen formando parte da súa realidade na vida e no deporte.

Cada ano, o informe de delitos de odio do Ministerio do Interior sinala que case o 20 % dos incidentes de delitos de odio denunciados en España teñen a LGTBIfobia como causa, e un dos espazos nos que máis incidentes de delitos de odio se denuncian son as instalacións deportivas e os campos de xogo: agresións físicas, ameazas e inxurias nas redes, insultos nas gradas, os terreos de xogo ou as redes, chistes en medios de comunicación e redes sociais, risas nos vestiarios e nas instalacións deportivas ...

Isto fai que moitas persoas LGTBI+ sintan o deporte como un espazo hostil no que non teñen cabida e deciden non ser parte do mundo do deporte ou o practican ocultando ser quen son.

Os socialistas entendemos o deporte e a actividade física como unha ferramenta de transformación social e un espazo de socialización que permite



difundir valores éticos como o respecto, a liberdade e a diversidade, fundamentais para o desenvolvemento cívico e integral das persoas.

Por iso, defendemos que a Xunta como administración competente debe impulsar e garantir o respecto á igualdade no eido deportivo a través de políticas de prevención como:

1. Elaboración de Campañas dirixidas a Fomentar a visibilidade das persoas LGTBI+ no ámbito do deporte que comprometan a todos os axentes sociais vinculados co deporte co obxectivo de combater os estereotipos, a discriminación e as barreiras que disuaden ás persoas LGTBI+ da practica deportiva.
2. Elaboración de Protocolos de prevención e actuación fronte a la LGTBIfobia, los estereotipos sexistas e outras formas de discriminación nas instalacións deportivas, visibilizando campañas de prevención da discriminación das persoas no ámbito do deporte e poñer os recursos dispoñibles en cada lugar para que as persoas que sufran ou presencien condutas lesivas ou discriminatorias saiban onde acudir e como proceder para denunciar os feitos e recibir protección.
3. Facilitando unha formación integral na prevención de la LGTBIfobia, o acoso sexual e outras formas de discriminación ao persoal encargado da xestión das instalacións deportivas e da súa dirección técnica para que teña recursos á hora de actuar, e así evitar incorrer en situacións de victimización secundaria ante as ditas condutas e garantir a protección de todas as persoas que fan uso das instalacións.

Pero tamén é necesaria unha actitude de condena ante estes casos mediante a condena pública dos comportamentos LGTBIfóbicos, machistas, xenófobos e serófobos no deporte, particularmente no relativo á violencia verbal ou física



nos espazos deportivos, campos de xogo, gradas e redes sociais por calquera causa e, especialmente, aquelas violencias que teñan a súa orixe na orientación sexual e na identidade ou expresión de xénero das persoas.

Por todo o antedito, interesa coñecer a resposta a seguinte pregunta:

Que medidas esta a implementar este goberno para loitar contra a lgbtifobia no eido deportivo?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/04/2024 18:36:33

Patricia Iglesias Rey na data 18/04/2024 18:36:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Marco de Acción Prioritaria 2021-2027 da Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En marzo de 2020 o Estado Español entregou á Comisión Europea o documento definitivo do Marco de Acción Prioritaria (MAP) para o financiamento da Rede Natura 2000 (RN 2000) no periodo 2021-2027.

Este documento compoñíase dunha memoria xeral e 20 anexos, un para a administración xeral do Estado e un por cada comunidade ou cidade autónoma.

No MAP correspondiente a Galiza (código NUT ES11), elaborado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta, menciónase no seu apartado C “Situación actual de la RN 2000”, subapartado C.1 “Estadísticas de la zona de la RN 2000” o seguinte (páx. 13):

“Tras la retirada de la iniciativa de ampliación de la Red Natura 2000 emprendida en el 2011, se está recopilando la información de base para la elaboración de una nueva propuesta de declaración de nuevos lugares de importancia comunitaria (LIC) o ampliación de los existentes”.

Ao longo do texto do MAP para Galiza menciónase en repetidas ocasións a retirada da proposta de ampliación emprendida pola Xunta en 2011 e o feito de que a D.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

X. de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está traballando nunha nova proposta de declaración de LICs (Lugares de Importancia Comunitaria) e de ampliación dos existentes en Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Atendendo ao comunicado pola Xunta ao Estado sobre a situación da RN2000 en Galiza para a redacción do MAP 2021-2027, en que estado se atopa a elaboración dunha nova proposta de novos lugares de importancia comunitaria (LIC) ou ampliación dos existentes e cales serían estes (Denominación, límites xeográficos, hábitats atinxidos, etc.)?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/04/2024 09:19:12

Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2024 09:20:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/04/2024 09:20:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de medio ambiente licitou a contratación do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia, cofinanciado nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo FEDER”.

O contrato adxudicouse á USC no mes de outubro de 2020 con un prezo de 70.966 euros e un prazo de execución de 12 meses.

Transcorridos tres anos e medio desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto. Pola contra, asistimos a un proceso continuado de degradación e destrución de espazos como as turbeiras de enorme valor ambiental, de grande interese para a biodiversidade e para a prevención do cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego incluír na Rede Natura 2000 todos os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos, e aprobar un plan para garantir a súa conservación, protección e restauración?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/04/2024 09:31:26

Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2024 09:31:32

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/04/2024 09:32:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Grupo Socialista xa na pasada lexislatura denunciou o mal funcionamento do Plan de transporte público da Xunta de Galicia, que non daba e segue sen dar cobertura ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega, nomeadamente no rural.

O informe de fiscalización do Consello de Contas céntrase en catro aspectos:

a) Abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados.

Nos pregos establécese que as concesionarias están obrigadas a ingresar o canon pola explotación do servizo no mes de xaneiro do ano seguinte do exercicio correspondente.

E a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da anterior lexislatura, ante o incumprimento deste ingreso non solicitaba o canon ás empresas concesionarias (seguramente que había un acordo de que non se cobraría).

Non foi ata que o Consello de Contas solicitou o xustificante de pago deste canon, e requiriuno posteriormente cun atraso de 338 días desde o momento que tería que telo feito.



A empresa concesionaria pagou, pero fíxoo como se o ingresase en período voluntario, sen ningún tipo de recargo.

Pero isto non aconteceu só no ano 2020 senón que no 2021 volveu a acontecer o mesmo.

b) Queixas dos usuarios

Neste informe conséntase que a maior parte das queixas quedan sen resposta, ou ben cunha resposta tardía e sen solidez, non se debe pasar por alto que a obriga legal das administracións é dar resposta nun prazo de 90 días.

c) Penalidades

Detéctase que existen procedementos de infraccións abertos, incluso cualificados como graves ou moi graves, pero sen impoñer penalidades en moitos casos. Tendo en conta que nos propios pregos, consonte aos que se adxudican os contratos, prevese incluso como sanción a rescisión dos contratos para este tipo de infraccións.

d) Falla de planificación

Detéctase tamén neste informe unha falla e planificación deste plan para dar resposta ás necesidades de mobilidade.

O propio Consello de Contas recoméndalle á Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.



Como se adoita dicir o que mal empeza mal acaba e cómpre recordar que o PP en canto chegou á Xunta no ano 2009 prorrogou en bloque todas as concesións de autobús e no ano 2016 o Tribunal Supremo anulounas.

Este tirón de orellas do Consello de Contas vén a sumarse a todas as sentenzas en contra que ten a Xunta neste eido. O TS vén de ratificar a sentenza do TSXG na que lle obrigaba á Comisión Galega da Competencia de abrírlle expediente sancionador a Alsa e Monbus por vulnerar normas da competencia e de repartirse o mercado. Estas sentenzas danlle un tirón de orellas á Xunta xa que a Comisión Galega da Competencia ante unha denuncia presentada con claros indicios de se cometer vulneración das normas de competencia arquivou o procedemento sen nin sequera practicar probas. E foi o TSXG o que lle dixo que tiña que abrir expediente sancionador. A Xunta recorreu e o TS ratificou o que dicía o TSXG.

Polo tanto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Tendo en conta este informe do Consello de Contas, segue a pensar a Xunta de Galicia que os problemas detectados no Plan de transporte público de Galicia son problemas puntuais?

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 17/04/2024 18:49:18





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 10:30:14
Nº Rexistro: 2142
Data envío: 19/04/2024 10:30:14.137

Paloma Castro Rey na data 17/04/2024 18:49:38

CSV: BOPGDSPG-mXB4MAKP-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

7146

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a praza de pediatría en Monte Porreiro-centro de saúde de Lárez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Monte Porreiro (Pontevedra) iniciou unha campaña de reunións e entrevistas para demandar a cobertura da praza de pediatra que tiña o centro de saúde do barrio.

Coa excusa da pandemia da COVID o SERGAS trasladou a consulta de pediatría das crianzas de Monte Porreiro ao centro de saúde de Lárez, un servizo compartido co concello de Barro.

A persoa titular desta praza estivo de baixa e recentemente adxudicóuselle unha praza no centro de saúde de Sanxenxo, de modo que desde fai uns meses a asistencia está a ser cuberta mediante prolongacións de xornada doutros pediatras. Como consecuencia, produciuse un empeoramento da atención ás nenas e nenos xa que as consultas son de tres horas tres días á semana (luns, mércores e venres).

Isto provoca ademais que os tempos de agarda para citas sexa prolongado, que non haxa continuidade na atención pola mesma pediatra e que en moitas ocasión ás familias teñan que acudir directamente ao PAC da Parda ou ás urxencias no Hospital Provincial, coa conseguinte incomodidade e saturación destes servizos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos pasados días, representantes veciñais de Monte Porreiro dirixíronse á xerencia da área sanitaria solicitando unha reunión para procurar unha solución que permita mellorar a atención pediátrica de 471 nenos e nenas adscritos ao centro de saúde de Lérez.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta para dar cobertura con horario completo da praza de pediatra das nenas e nenos de Monte Porreiro e para corrixir as deficiencias de atención pediátrica na área de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/04/2024 10:30:48

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2024 10:30:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as previsións da Xunta de Galiza para finalizar a autovía Lugo-Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo padece desde hai décadas un déficit nas súas infraestruturas tanto ferroviarias como por estrada. É evidente que esta falta de comunicacións está lastrando o desenvolvemento social e económico da nosa cidade e do conxunto da provincia.

Neste senso, a cidadanía luguesa levamos anos escoitando falar da construción dunha autovía que una a cidade de Lugo con Monforte. É máis, case poderíamos asfaltar ese tramo coas follas de xornais que se levan escrito sobre ela desde que foi anunciada en 2004 polo daquela conselleiro de Política Territorial, Alberto Núñez Feijóo.

Porén, a día de hoxe, o único do que dispón a veciñanza son 11 quilómetros de autovía entre as vilas da Pobra de San Xiao e Sarria. Máis nada. O resto son só promesas.

Durante a campaña electoral o Partido Popular prometeu rematar esta infraestrutura tan importante para a vertebración territorial de Lugo e do interior de Galiza asegurando que vai investir 35,5 millóns de euros mais sen explicar en que prazo de tempo prevé executalos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, cómpre lembrar os anuncios do propio Goberno do Partido Popular en setembro de 2022 cando anunciou que a “segunda fase” da autovía prevé a construción de 13,5 km, entre A Pobra de San Xiao e a conexión coa A-6 en Nadela. Un traballo que, segundo a Xunta de Galiza, sería posto a exposición pública “a mediados de 2023”.

Porén, con data 19/04/2024 na web da Consellaría de Infraestruturas (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudos?id=12439>) non aparece nada.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai comezar a Xunta de Galiza a segunda fase da autovía Nadela-Monforte?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Iago Suárez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/04/2024 10:53:10

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/04/2024 10:53:15

Iago Suárez Fernández na data 19/04/2024 10:54:13

Luis Bará Torres na data 19/04/2024 10:54:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 a consellaría de medio ambiente licitou o contrato do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia, en particular os tipos de hábitat de interese comunitario dos grupos 4 - queirogais e matogueiras da zona temperada e 5 - matogueiras esclerófilas, cofinanciado nun 75% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rexional (FEADER) dentro do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR)”.

O contrato foi adxudicado á USC en outubro de 2021 por valor de 122.784 euros e un prazo de execución de 21 meses.

Transcorridos dous anos e medio desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto, mais alá dalgúns anuncios sobre a previsión de incluír na Rede Natura 2000 os hábitats de queirogais e matogueiras. Ao mesmo tempo, observamos con preocupación como se leva a cabo un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de deterioro e destrución destes hábitats esenciais para preservar a biodiversidade e para combater o cambio climático.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego protexer os hábitats de matogueiras e queirogais baixo a figura da Rede Natura 2000 e aprobar un plan para garantir súa conservación, protección e restauración?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/04/2024 11:11:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/04/2024 11:12:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a tramitación presencial ante a administración.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das principais preocupacións do sector agrario son os trámites ante a administración. Os nosos produtores teñen que realizar numerosos trámites para calquera cousa relacionada coas súas explotacións, esta grande carga burocrática vese agravada polo feito que ten que ser todo de xeito telemático.

A burocracia incrementase dun xeito desmesurado ano tras ano e os servizos técnicos e administrativos da Xunta de Galiza son cada vez mais cativos.

O desmantelamento progresivo das oficinas agrarias comarcais, agora oficinas rurais e un feito constatábel, a pesares das promesas e das declaracións feitas polos responsábeis da consellería do Medio Rural. Parece que a política do PP é aburrir ao sector agrogandeiro cunha grande carga de trámites e por outra banda diminución progresiva dos servizos administrativos e técnicos das oficinas agrarias de atención ao público.

Por si non chegara a burocratización, tamén se implantou a tramitación telemática para a totalidade das relacións dos titulares das explotacións coa administración. Esta obriga de tramitación telemática leva consigo que todas as persoas titulares de explotacións teñan que ter coñecementos informáticos e teñan que dispor de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión a internet. Esta obrigación supón un incremento de custes e dificulta enormemente a viabilidade e permanencia das explotacións agrarias galegas.

A eliminación da burocratización e da obrigación da tramitación telemática é unha das grandes demandas do sector agrario galego. Dende o BNG sempre apostamos por que todas as persoas teñan a opción de dirixirse de forma presencial a administración; esta opción non impide a opción de que as persoas que así o desexen podan tramitar de forma telemática

A Xunta de Galiza non pode obrigar as persoas a dirixirse de forma telemática a administración, non pode tratar deste xeito a miles de persoas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que se obriga aos titulares das explotacións agrarias a tramitar de forma telemática e vaise permitir a opción de tramitación presencial?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 19/04/2024 11:54:32

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/04/2024 11:55:33

Sonia Vidal Lamas na data 19/04/2024 11:56:24

Ariadna Fernández González na data 19/04/2024 11:56:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os programas de incentivos 4 e 5 do RD 477/2021 de fomento do autoconsumo enerxético na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación do autoconsumo con fontes de enerxía renovables nos sectores produtivos, xunto co seu impulso nos edificios públicos e no residencial, supón unha importante contribución á consecución dos obxectivos de implantación das enerxías renovables, optimizando a súa xestión e evitando ineficiencias do sistema mediante a unión de produción e demanda. Paralelamente, cómpre impulsar as aplicacións térmicas das enerxías renovables no sector residencial para abastecer aquelas necesidades non cubertas pola xeración eléctrica. Deste xeito, contribúese a cumprir os obxectivos marcados na Directiva (UE) 2018/2001, na Estratexia de Almacenamento de Enerxía, no PNIEC e tamén a implementar a Estratexia de descarbonización a longo prazo para mobilizar investimentos na implantación de tecnoloxías limpas, baseadas sobre fontes renovables.

Así mesmo, o desenvolvemento destes programas favorece a xeración de emprego en todo o territorio, cunha marcada compoñente de proximidade e un alto grao de capilaridade, e de actividade económica, nun contexto de recuperación económica tras a pandemia. Cabe destacar o beneficio derivado da redución das importacións de combustibles fósiles e da mellora da competitividade das empresas. Ademais dos beneficios mencionados, pódense destacar outros efectos sociais positivos, como o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apoio ao terceiro sector, o desenvolvemento dos concellos de menos de 5.000 habitantes, ou o aumento da concienciación dos consumidores finais.

Os programas de incentivos para o fomento das enerxías renovables no sector residencial e nos sectores produtivos tamén colaborarán coa redución de emisións de óxidos de nitróxeno, dióxido de xofre e compostos orgánicos volátiles non metanos (NMVOC), contribuíndo así ao cumprimento da redución de emisións. obxectivos establecidos pola Directiva 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa á redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, así como os da Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e de o Consello do 21 de maio de 2008 sobre a calidade do aire ambiente e unha atmosfera máis limpa en Europa.

O Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución de diversos programas de incentivos vinculados ao autoconsumo e almacenamento, con fontes de enerxía renovables, así como como a implantación de sistemas térmicos renovables no sector residencial, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; artella unha serie de subvencións concedidas directamente ás comunidades autónomas. De conformidade co artigo 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, existen razóns de interese social e económico que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública en réxime de concorrência competitiva pola necesidade de "descarbonizar". o sector servizos e outros sectores produtivos, así como o residencial para acadar os obxectivos marcados polo PNIEC 2021-2030, sendo os seus destinatarios últimos, principalmente, pemes, particulares, comunidades enerxéticas e administracións públicas, a través das correspondentes convocatorias que as citadas comunidades autónomas se comprometeron a formalizar, con cargo á subvención que lles concede este real decreto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, este real decreto ten por obxecto conceder directamente subvencións ás comunidades autónomas, por ser as administracións máis idóneas para cumprir o anterior, no seu ámbito territorial, e de acordo coas súas competencias de execución en materia de política enerxética, que deberá, pola súa vez, realizar as correspondentes convocatorias para a concesión das axudas, con cargo ás devanditas subvencións, aos destinatarios finais previstos neste real decreto, nos termos e condicións que nel se establezan, designando o órgano competente Instruír e resolver o procedemento que corresponda e, se é o caso, establecer a reserva orzamentaria que consideren pola súa parte para realizar investimentos directos para a execución das actividades subvencionadas, todo isto ata a finalización do prazo dos programas de incentivos previstos.

Tal e como se sinala no título IV do propio Real Decreto, as subvencións reguladas por este teñen un carácter singular derivado da urxencia de reactivar a economía e aproveitar a oportunidade que supón o financiamento das actuacións subvencionables, incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como a necesidade de minimizar a dependencia, a nivel estatal, dos combustibles fósiles na produción de enerxía, con grandes repercusións na competitividade e na mellora das condicións económicas e enerxéticas das economías familiares, tendo en conta, á súa vez, a necesidade de implantar diversos instrumentos que fomenten modelos alternativos de produción e almacenamento con fontes de enerxía renovables. En consecuencia, a singularidade tamén se basea en criterios de oportunidade, que implican a esixencia de establecer as actuacións máis idóneas para acadar os obxectivos de "descarbonización" previstos.

Cabe sinalar que estas axudas non se solicitan directamente polos beneficiarios, senón que requiren da intermediación das nomeadas “entidades colaboradoras”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son moitos os beneficiarios destas axudas, e das propias entidades colaboradoras que se veñen laiano dos atrasos que o pagamento das axudas.. Atrasos que nalgún caso son de máis de dous anos. Tamén é unha queixa recorrente que no proceso de xustificación se solicitan emendas que non figuran nas bases da subvención.

Esta situación provoca un desencanto entre entidades colaboradoras e beneficiarios das subvencións, e incluso un descreemento da cidadanía nos programas artellados pola administración para o fomento das enerxías renovábeis.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está tomando a Xunta para axilizar o pagamento das Subvencións correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 do RD 477/2021?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Ramón Fernández Alfonso

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 19/04/2024 12:28:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 12:32:10
Nº Rexistro: 2172
Data envío: 19/04/2024 12:32:10.044

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/04/2024 12:30:01

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/04/2024 12:30:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A autovía da Costa da Morte foi unha das promesas que o daquela presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, fixo tras o afundimento do petroliero *Prestige* a finais de 2002, é dicir, hai agora vinte anos, a unha das comarcas máis illadas de Galicia, sendo o reequilibrio territorial o motivo principal da súa construción.

A dita infraestrutura foi licitada por primeira vez en xullo de 2007 polo Goberno autonómico encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, e adxudicouse a unha UTE formada por Ferrovial e Taboada y Ramos, que se comprometeu a facela por 584 millóns de euros, pero que, pouco despois de iniciar os traballos a finais de 2008, xa lle dicía ao Goberno galego que non sería capaz de finalizala se non se lle pagaba un 30 % máis.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia, o novo goberno rexeitou as pretensións da empresa, rescindíndolle o contrato e licitándoo novamente, lixeiramente modificado en decembro de 2009 e sendo a oferta mellor valorada a UTE formada, entre outras por FCC e Covsa, que resultou ser a máis cara, con 979 millóns de euros, é dicir, cun sobrecusto de 395 millóns de euros con respecto á licitación do bipartito.

En abril de 2012 o conselleiro Agustín Hernández fixo unha visita á Costa da Morte para, segundo as súas palabras, “trasladarlle aos veciños da Costa da Morte que o Goberno da Xunta é o primeiro que apoia a execución da autovía: estivemos, estamos e estaremos á cabeza desta infraestrutura que é imprescindible e inaprazable; trasladarlle á empresa construtora e á empresa



concesionaria e aos traballadores o apoio da Xunta de Galicia na execución da obra e na busca do financiamento necesario para a súa execución e manter unha rigorosa tutela e vixilancia do contrato adxudicado, como non podía ser doutro xeito. Ao mesmo tempo que dicía o conselleiro que “quería denunciar a grave irresponsabilidade daqueles que lanzan dúbidas e incertezas sobre a actuación e que o que necesita a comarca é rigor, traballo de certezas, toca apoiar ao Goberno para que a obra remate en prazo”.

A partires dese ano, vemos como ano tras ano, a Xuntade Galicia incluía nos sucesivos orzamentos da Xunta de Galicia dotacións plurianuais claramente insuficientes e de distintos importes para levar a cabo a promesa incumprida de rematar a autovía da Costa da Morte, sen que dende entón se tiver avanzado absolutamente nada.

Dúas comarcas, a de Bergantiños e a da Costa Atlántica que ano tras ano perde poboación a un ritmo demasiado acelerado e sen que por parte da Xunta de Galicia se adopten medidas que teñan un impacto real para frear esta sangría demográfica, sen infraestruturas que vertebran o territorio e sen unha aposta firme polos servizos públicos de calidade nestes concellos.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Co novo Goberno galego recentemente constituído, vai a asumir a Xunta de Galicia o compromiso de que neste ano 2024 vai a iniciar a licitación para rematar a autovía da Costa da Morte, que conecta Baio con Vimianzo e Berdoias?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

7163

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 12:50:22
Nº Rexistro: 2176
Data envío: 19/04/2024 12:50:22.783

Patricia Iglesias Rey na data 19/04/2024 12:34:50

Carlos López Font na data 19/04/2024 12:34:59

Paloma Castro Rey na data 19/04/2024 12:35:06

CSV: BOPGDSPG-mXB4MAKP-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

7164

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A evolución económica dun país constitúe un determinante fundamental da evolución demográfica, toda vez que as migracións entre territorios teñen no económico unha motivación real e contrastable. Case medio millón de galegos viven no estranxeiro. É unha quinta parte do total de habitantes censados en Galicia, equivalente a sumar a todos os veciños das cidades da Coruña, Ourense e Santiago.

Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, Galicia mantense como a comunidade con maior diáspora no estranxeiro. Son case 200.000 máis que andaluces vivindo fóra de España, a pesar de ser a rexión máis poboada do país, co triplo de habitantes censados que Galicia.

Dese total, estímase que máis dun terzo foron persoas novas menores, segundo datos do IGE, o que implica unha preocupante e continua sangría na poboación e potencial da nosa comunidade.

As motivacións das migracións son diversas pero a motivación económica é clave para entender a realidade galega. A falla de oportunidades laborais e a busca de mellores niveis salariais explican boa parte das saídas de poboación moza galega cara o exterior, coa intención de atopar un futuro laboral que en Galicia resúltalle imposible acadar, constatando o fracaso da política económica galega para reter, así como recuperar o talento a nosa sociedade.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que política económica vai aplicar a Xunta de Galicia para facer fronte á saída de mozos galegos e galegas cara ao exterior en busca de oportunidades e traballo?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/04/2024 12:43:19

Silvia Longueira Castro na data 19/04/2024 12:43:30

Elena Espinosa Mangana na data 19/04/2024 12:43:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Residencia de Maiores do Concello de Oleiros, na Coruña, foi durante anos unha residencia referente en Galicia no que se refire ao coidado de grandes dependentes. Tras unha remodelación da mesma, por motivos de fallos construtivos, volveron a abrila con total normalidade.

Desde fai anos, o persoal que se encarga da atención directa dos residentes, vén denunciando con asiduidade o paulatino deterioro tanto das instalacións como da falta de medios materiais e recursos persoais.

Respecto aos primeiros, un deterioro evidente do material de suspensión o mobilidade como as grúas para poder efectuar os aseos das persoas residentes. Mesmo os propios traballadores/as arranxan dalgún xeito a través de cinta isolante ou outro tipo de elementos os aparellos para que poida seguir a funcionar dalgún modo.

Hai cables que transcorren por debaixo dalgunhas camas e mantas que forran as instalacións da residencia. Ademais das cuestións de mantemento que non se efectúan, e aparecen pingueiras e humidades por zonas do edificio.

No exterior, hai anacos de cornixas que están tiradas no xardín, a través do cal entran xabarís de xeito cotiá.



Pero sobre todo hai unha sobre carga de tarefas co persoal técnico que traballa na residencia, de xeito que foron incrementándose ingresos de residentes pero non se incrementou o número de persoal necesario para a asistencia diaria.

Mesmo cando hai pacientes con patoloxías psiquiátricas que ingresaron na residencia pero que non contan con persoal especializado. Deste xeito, nas fins de semana, non hai persoal de dinamización que poida ocuparse tanto das patoloxías psiquiátricas como das actividades dos dependentes ingresados, o cal está a xerar situacións de stres laboral para os poucos auxiliares que teñen que atendelos nas tres quendas establecidas.

Estamos a falar dunha residencia con máis de 200 prazas na que as zonas de 44 grandes dependentes so contan cunha persoa na quenda de noite, para facer os cambios posturais, coidados, demandas ou calquera outra incidente que teña lugar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galicia cubrir as necesidades de medios materiais e danos na edificación da residencia de Oleiros?

Santiago de Compostela, 18 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2024 12:52:59
Nº Rexistro: 2189
Data envío: 19/04/2024 12:52:59.652

Silvia Longueira Castro na data 19/04/2024 12:47:45

Julio Abalde Alonso na data 19/04/2024 12:47:56

Elena Espinosa Mangana na data 19/04/2024 12:48:08

CSV: BOPGDSPG-mXB4MAKP-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

7169

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a destrución dun hórreo en Coruxo, en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de marzo, unhas obras de construción nunha finca privada destruíron un hórreo de tipoloxía mariñá, ademais da corta de varios castiñeiros en Coruxo de Arriba, na parroquia de Liáns, en Oleiros.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galiza indica que os hórreos son elementos de valor etnográfico “sempre que conserven suficientemente a súa integridade formal e construtiva e aspectos característicos da súa autenticidade”. A LPCG establece que o seu obxecto é «a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras».

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da destrución dun hórreo mariñán en Liáns (Oleiros)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 19/04/2024 12:54:18

Mercedes Queixas Zas na data 19/04/2024 12:54:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa as medidas a tomar diante da grave situación do servizo de ambulancias da área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas do servizo de transporte sanitario terrestre da Área Sanitaria de Vigo son constantes e veñen de lonxe. O BNG leva anos solicitándolle á Xunta que tome medidas para solucionar os graves problemas existentes, tanto o reforzo do servizo nesta Área, porque está permanentemente colapsado, e a dotación de ambulancia é totalmente insuficientes para atender unha Área sanitaria tan ampla e con tanta poboación:

As peticións foron sistematicamente desatendidas por parte do Sergas e do 061.

Cando non se solucionan os problemas estes non fan máis que agrandarse, até chegar á situación actual na que o persoal está a denunciar a gravísima situación da empresa Ambulancias do Atlántico, actual concesionaria do 061 en Vigo, Cangas e Moaña; e que tamén presta o servizo de transporte sanitario dos hospitais para toda a área sanitaria de Vigo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denuncian que a empresa está nunha crítica situación económica, consecuencia da cal está realizando impagos @s 260 traballadores/as que están a sufrir atrasos no aboamento dos seus salarios, e impagos a provedores de osíxeno medicinal empregado no tratamento de doentes durante a súa asistencia e traslado e a provedores de combustíbeis para os vehículos.

As tarxetas de pago que se empregan para a repostaxe das ambulancias deixaron de funcionar e a día de hoxe tan só poden repostar nunha gasolineira.

A gravidade da situación non é compatíbel coa falta dunha actuación decidida por parte da Xunta, non podemos permitir que a saúde e a vida da veciñanza da área sanitaria de Vigo estea permanentemente en risco.

A Xunta ten que deixar de poñer parches e actuar con contundencia

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario na Área Sanitaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2024

Asdo.: Montserrat Prado Cores
Alexandra Fernández Gómez
Carmela González Iglesias
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/04/2024 17:09:56

Alexandra Fernández Gómez na data 19/04/2024 17:11:42

Carmela González Iglesias na data 19/04/2024 17:11:54

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/04/2024 17:13:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das listas de espera do SERGAS .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise das listas de espera hospitalaria é un dos indicadores que permite coñecer a situación do sistema sanitario. Na Galiza non contamos coa posibilidade dunha análise rigorosa e cinguida á realidade porque o goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza leva anos negando o acceso a unha parte desas listas de agarda, as non estruturais, a pesar da demanda política, sindical e social.

Aínda así, a través dunha visión parcial destes indicadores podemos ver como a sanidade galega presenta uns datos de agarda no sistema hospitalario importantes. A data de 30 de xuño de 2023, eran 47.046 as persoas en espera dunha cirurxía, das cales 79 levaban máis de 12 meses nesa situación; 210.660 as que estaban en agarda dunha primeira consulta hospitalaria, das que 3.337 tiñan máis de 12 meses de espera; e 118.956 as que agardaban por unha proba diagnóstica, das cales 1.882 acumulaban máis dun ano nesta lista.

No momento do rexistro desta iniciativa, aínda non están publicadas na páxina web do Sergas uns datos máis actualizados, mais si que se fixeron públicos os informes do Ministerio de Sanidade cos datos de 31 de decembro de 2023. Neles pódese constatar que, se ben hai unha lixeira diminución do global de pacientes en lista de espera,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incrementábase o tempo medio que agardan para unha primeira consulta, pasando de 66 a 73 días.

Cómpre ter presente que moitas das pacientes que están nunha situación de agarda non figuran nestes listados, ben por estaren incluídas nunha lista de espera non estrutural – totalmente opacas –, ben por non teren unha data asignada para a realización desa proba ou consulta. Ademais, tampouco estes indicadores reflicten a totalidade do sistema sanitario, pois sucédense as protestas de pacientes pendentes dunha consulta de revisión que agardan meses por esa cita, superando maioritariamente os criterios clínicos establecidos.

Fronte a isto, após o Consello da Xunta do 12 de xaneiro de 2023 foi anunciado un programa de intensificación asistencial durante ese ano para reducir os tempos de espera de cirurxías, consultas e probas diagnósticas, mais a día de hoxe aínda non se coñecen os resultados e avaliación de dito programa.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A respecto das listas de espera non estruturais, cantas son as pacientes que a integran e cales son os tempos medios e máximos que acumulan?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/04/2024 09:29:28

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2024 09:29:57

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2024 09:31:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a regulación do dereito de opción de traslado ao RETA das profesionais da avogacía e procuradoría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de xullo de 2023 na Comisión 1ª do Parlamento de Galiza aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei do grupo parlamentario do BNG pola se instaba ao Goberno do Estado a realizar as actuacións e modificacións normativas necesarias para establecer unha “pasarela” voluntaria ao RETA para as profesionais da avogacía e procura que pertencen ou pertencen a unha mutualidade, como sistema de cobertura social alternativa á Seguridade Social. Contemplan a aplicación do complemento a mínimos, no caso dos mutualistas pasivos. Evitar a equiparación fiscal do rescate dos dereitos económicos das mutualistas alternativas cun plan de pensións complementario, e mellorar as condicións de xubilación parcial das profesionais da avogacía e da procura.

Esta mesma iniciativa foi aprobada, en termos substancialmente idénticos, pola práctica totalidade dos Parlamentos Autonómicos, en numerosas Deputacións e Concellos de todo o Estado.

Existe pois unha consciencia xeneralizada e uniforme do inxusto da precaria cobertura social das profesionais da avogacía e da procura “afiliadas” á mutualidade profesional como sistema de protección alternativo á Seguridade Social. Adscrición que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inicialmente era obrigatoria e posteriormente foi “optativo” -opción ás veces ilusoria, outras con grave prexuízo patrimonial, e na meirande parte dos casos con información enganosa ou inexacta-.

Existindo consenso na necesidade de abordar con urxencia a situación da cobertura social de moitos profesionais que, tras unha longa carreira de cotización ou ben non poden xubilarse, ou o están a facer con prestacións económicas de 300 ou 400€ mensuais e non actualizábeis -contías notablemente inferiores ás das PNC-; segundo as novas que transcenden por diferentes medios, mesmo por manifestacións directas da propia ministra inclusión, seguridade social e migracións, a regulación que se contempla non serviría para dar solución ao grave problema das profesionais que están ou estiveron adscritas ás mutualidades profesionais como sistema de cobertura alternativa ao público, tampouco daría cumprimento aos pronunciamentos da práctica totalidade dos parlamentos do Estado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego necesario realizar algún tipo de actuación para garantir o dereito a unha xubilación e cobertura social digna ás profesionais da avogacía e procuradoría cuxa protección esta encomendada á Mutualidade profesional, como sistema alternativo ao RETA?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2024 09:45:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/04/2024 09:46:49

Óscar Insua Lema na data 22/04/2024 09:47:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de pediatría en Cambre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de pediatría no centro de saúde de Cambre ficou reducido, debido a que unha das pediatras que atendía as tardes deixou de traballar neste centro de saúde e a profesional que ocupou esa praza está de baixa, sen que fora substituída. Na actualidade, son os profesionais de pediatría que traballan na quenda da mañá os que están a atender parcialmente este horario, por medio dunha extensión, que unicamente permite atender as revisións periódicas de crianzas sas. Isto significa que as urxencias son trasladadas ao Punto de Atención Continuada, que non conta con profesionais de pediatría.

O concello de Cambre é un dos máis poboados do país, polo que a redución do servizo de pediatría supón un problema grave. Faise imprescindible substituír a profesional de xeito urxente, tanto para atender correctamente a cidadanía como para non prolongar innecesariamente a situación dos profesionais de pediatría da quenda da mañá que están a facerse cargo desa extensión horaria para cubrir unha parte das tardes. Este tipo de extensións están previstas para situacións extraordinarias, e en ningún caso deben prolongarse alén do necesario nin converterse en permanentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando e de que xeito está previsto cubrir a praza de pediatria en quenda de tarde no centro de saúde de Cambre?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 22/04/2024 10:02:12

Mercedes Queixas Zas na data 22/04/2024 10:02:16

María Montserrat Prado Cores na data 22/04/2024 10:02:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García, Secundino Fernández Fernández, Noa Presas Bergantiños, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o acceso ás técnicas de reprodución asistida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O sistema sanitario galego atópase a día de hoxe nunha complexa situación, pola falta de organización dos recursos humanos, unha política de contratación que mantén o persoal na precariedade e recortes orzamentarios, nomeadamente en Atención Primaria que acaban por supor un deterioro na calidade asistencial que recibe a poboación galega.

Neste senso, unha das primeiras medidas anunciadas polo recentemente electo presidente da Xunta foi en materia sanitaria, a ampliación da idade e os requisitos para o acceso á reprodución asistida. Prevese destinar máis de 1,3 millóns de euros a mellorar o equipamento das tres unidades de reprodución asistida existentes no Sergas, na Coruña, en Vigo e en Santiago de Compostela. Do mesmo xeito, tamén se prevé ampliar ata os 45 anos a idade máxima e eliminar o límite dunha única crianza para acceder a estas terapias.

Pese a estes anuncios, mantense un profundo desequilibrio para as persoas que queiran acceder a estas prestacións, pois só existen nos hospitais da Coruña, Santiago e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vigo. As persoas de Lugo e Ourense que precisen un tratamento de reprodución asistida teñen que desprazarse a outras provincias para o mesmo, sabendo ademais que estas non son consultas puntuais, pois requiren múltiples asistencia aos centros sanitarios para a realización de revisións, probas e procedementos.

Ademais, cómpre salientar unha grave problemática que existe actualmente. As listas de espera están a condicionar esa idade máxima, pois son moitas as persoas que, atopándose actualmente en rango, non poden optar a un tratamento de fecundación in vitro pois as demoras condicionan a súa saída dese límite.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas solucionar o desequilibrio territorial que sofren as pacientes de Lugo e Ourense no acceso ás técnicas de reprodución asistida?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/04/2024 10:33:39

Secundino Fernández Fernández na data 22/04/2024 10:33:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 22/04/2024 10:34:05

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/04/2024 10:34:14

Noa Presas Bergantiños na data 22/04/2024 10:34:24

Iago Suárez Fernández na data 22/04/2024 10:34:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 22/04/2024 10:34:53

Daniel Castro García na data 22/04/2024 10:35:02

Olalla Rodil Fernández na data 22/04/2024 10:35:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención ás demandas da veciñanza no proxecto de adecuación da estrada N-551 en Tui.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada N-551 no seu treito das inmediacións ao polígono de Areas pasará a ser titularidade galega, onde a Xunta de Galiza a través da Axencia Galega de Infraestruturas vai iniciar o proxecto de adecuación, no cal non se tivo en conta a opinión da veciñanza para artellar un deseño que se adecuara á realidade dos desprazamentos das veciñas e veciños de Tui.

Este tramo cumpre dúas funcións principais, a de zona de paso entre Tui e o resto de concellos do Baixo Miño e a de acceso ao polígono de Areas e a súa área comercial, no caso de vehículos, para quen non accede a través da autovía A-55 maioritariamente.

Por esas dúas condicións este é un tramo con moita carga de tráfico con preto de 8.000 vehículos diarios, incluíndo o tráfico pesado, que supón máis de 200 dos mesmos por día.

Así e todo, a veciñanza leva reclamando que se adecúe este tramo ás necesidades reais das persoas. Xa en varias ocasións demandaron un paso de peóns entre as dúas actuais paradas de autobús que sirva de acceso directo cara a zona





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercial de Areas, tamén seguindo nesa liña demandan instalación de beirarrúas adecuadas nun tramo tan transitado polas veciñas e veciños.

Porén, o actual proxecto, que en suma suporá o desembolso de máis dun millón de euros, non contempla un paso de peóns no acceso ao área comercial de Areas, se non que o sitúa a máis de 200 metros do mesmo e case medio quilómetro do anterior.

Así mesmo tamén se critica a intención de desprazar a parada de autobús a 200 metros dirección A Guarda separándoa da súa homóloga en sentido contrario, tampouco se entende como non se contempla a elevación dos pasos de peóns como medida de seguridade para a redución da velocidade dos automóviles.

O proxecto presentado pola Xunta de Galiza pon de manifesto unha vez máis o desleixo desta á hora de actuar sobre as infraestruturas en Tui, xa o vimos coas diferentes actuacións na tan prometida VAC Tui A Guarda e agora vémolos na desatención a demandas históricas dos veciños e veciñas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Xunta tomar en consideración as demandas da veciñanza de Areas con respecto ao proxecto de acondicionamento da N-551 permitindo o tránsito de persoas calquera que sexa a súa condición de mobilidade?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 22/04/2024 10:48:57

Luis Bará Torres na data 22/04/2024 10:49:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de modificar a Lei 6/2017, de Portos de Galiza, para eximir aos concellos e entidades sen ánimo de lucro do pago pola utilización de terreos portuarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ente público Portos de Galicia ingresou no exercicio 2022 (último dispoñíbel na súa páxina), en concepto de “Canons-Concesións e autorizacións”, 2.889.364 euros.

Este apartado é o 2º que máis ingresos correntes proporciona ao Ente cada ano, despois da taxa X-4, por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos de xestión ordinaria de Portos de Galicia nese ano (17.062.216 euros).

Aínda que Portos non desglosa cal é a cifra exacta correspondente ás concesión e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario.

Ademais das elevadas contías, os concellos tamén soportan a nefasta xestión de Portos en canto ao seu cobro. E así, recentemente, coñecemos que veñen de requirírselles as cantidades correspondentes aos dous últimos anos pola utilización do espazo portuario que, segundo Portos, sufriron retraso por mor de falta de persoal, un argumento que entendemos totalmente inxustificábel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Todas as administracións, Portos de Galicia tamén, teñen mecanismos abondo para a contratación de persoal e, polo tanto, para non actuar en detrimento e causar prexuízos aos administrados, neste caso aos concellos e noutras ocasións, como xa ten ocorrido, aos profesionais.

E non só é o retraso e a acumulación de dúas anualidades. Tamén erros non menores nas liquidacións, que requiren de explicacións e de maior claridade e transparencia nas mesmas.

O Grupo Parlamentar do BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadatorio da Lei de Portos de Galiza, as tarifas abusivas que se cobran pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos e onde son estes os que se encargan da súa limpeza e mantemento durante todo o ano.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria nin Portos contribúe en nada ao seu mantemento e adecentamento máis básico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai modificar a Xunta de Galiza a Lei 6/2017, de Portos de Galiza, para eximir aos concellos e entidades sen ánimo de lucro da obrigatoriedade de pagar pola utilización dos terreos portuarios sen actividade portuaria e dos que as propias entidades locais se fan cargo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 11:08:08

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 11:09:41

Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 11:10:22

Daniel Castro García na data 22/04/2024 11:10:42

Daniel Pérez López na data 22/04/2024 11:11:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás previsións da Xunta de Galiza sobre as actuacións a levar a cabo no porto da Pobra do Caramiñal para favorecer a produción dos bancos marisqueiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as promesas e os anuncios que o sector marisqueiro da Pobra do Caramiñal leva escoitado ao longo de máis de 13 anos por parte de distintos representantes do Partido Popular e da Xunta de Galiza sobre as actuacións que se terían que desenvolver no porto para favorecer a existencia e o desenvolvemento do marisco nas concesións da Confraría da localidade.

Con este obxecto, o Parlamento galego, a iniciativa do Grupo Parlamentar do BNG, tomou un acordo unánime no ano 2020 para que se analizasen as posíbeis solucións á situación do porto da Pobra pola modificación da dinámica das correntes mariñas. Nomeadamente, a de avaliar a apertura definitiva de varias canles de corrente no peirao comercial para beneficiar a actividade marisqueira tanto nos bancos da praia do Areal como nos da praia dos Raposiños.

O Partido Popular manifestara xa daquela, na súa intervención no 2020, que “o prazo de execución dos estudos e redacción deste proxecto é de 19 meses”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2021 coñecemos que a Xunta de Galiza viña de asinar, entre outros, o contrato para a execución do servizo de redacción de estudos previos ambientais e técnicos para obras de dragaxe no porto da Pobra.

En xuño de 2023, a ex presidenta de Portos de Galiza respostou a este Grupo Parlamentar que, aínda que o expediente da Pobra non se atopaba dentro dos prioritarios, si se avanzara nos estudos pero que non existen conclusión claras.

Agora, a comezos deste mesmo mes de abril, lemos con asombro as explicacións de Portos de Galiza que, de novo, insisten en que “o proxecto atópase actualmente en fase de estudo, e polo momento estánse a realizar os correspondentes informes ambientais”, dos que xa se falara no 2021 e que xa rebasaron amplamente os 19 meses de prazo para a súa execución.

En definitiva, lévanse publicitando estudos dende o ano 2011 por parte de diferentes responsábeis da Xunta e de Portos de Galiza sen que aínda se conclúise ningún. Ao tempo, a perda de produtividade dos bancos marisqueiros da Pobra do Caramiñal é evidente, ao igual que a alarmante perda de postos de traballo no sector, sen que isto se considere “prioritario” aínda a día de hoxe.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Após 13 anos de anuncios, que planificación ten o Goberno galego para comezar as actuacións necesarias no porto da Pobra do Caramiñal para favorecer a produción nos bancos marisqueiros do Areal e Os Raposiños?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 12:21:12

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 12:21:17

Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 12:21:45

Daniel Castro García na data 22/04/2024 12:22:34

Daniel Pérez López na data 22/04/2024 12:22:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A situación sanitaria na cidade de Vigo é deficiente. Se durante todo o ano a nefasta organización do Sergas en Vigo repercute de forma moi grave na calidade asistencial que recibe a cidadanía viguesa, no período de verán a situación vólvese aínda máis delicada.

O pasado verán, repetiuse o caos asistencial que cada ano medra á espera das decisións organizativas e ao incremento do persoal que demandan os vigueses e as viguesas.

A demanda dos usuarios do sistema público de saúde é atronadora pero son os profesionais, que sofren este caos organizativo, os que demandan solucións e incremento de persoal, os que denuncian as súas condicións de traballo e lle din á Xunta que non se trata de cobrar máis, senón de poder dar a calidade asistencial idónea nas condicións de traballo óptimas.

Durante o verán de 2023 producíronse episodios moi graves. No Centro de Saúde de Teis non se atenderon consultas pediátricas por un período importante de tempo, afectando a 3.000 nenos e nenas.

Os atrasos nas citas son crónicos e cada vez aumentan máis nas datas. As urxencias hospitalarias incrementáronse, ata cifras récord, como consecuencia



da insuficiente atención nos centros de saúde. Os profesionais denuncian que estiveron ata un total de 220 horas con ausencias médicas sen cubrir no PAC. Poderíamos enumerar moitas máis situacións que se corresponden coas de todo o ano, agravadas neste período estival.

A todo isto, o Sergas contesta que o persoal “está dimensionado”. Absolutamente indignante para profesionais e usuarios que sofren as consecuencias dunha mala organización.

Por iso é necesario, novamente, reclamar solucións inmediatas, de medios materiais, de adaptación organizativa e de incremento de persoal, polo que as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego modificar a planificación sanitaria de Vigo, nos períodos estivais, tal e como demandan os profesionais sanitarios, para evitar o caos nos centros sanitarios?

Parlamento de Galicia, 22 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 22/04/2024 10:23:30

Silvia Longueira Castro na data 22/04/2024 10:23:39

Carlos López Font na data 22/04/2024 10:23:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo en Galiza e ao exercicio das competencias exclusivas da Xunta de Galiza en marisqueo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta absolutamente inexplicábel que o Goberno dun dos países máis importantes de Europa en obtención de produtos do mar, e claramente o primeiro dentro do Estado español, leve máis de dez anos desoindo aos profesionais e deixando de exercer as competencias exclusivas que ten nese ámbito.

A caída de produción marisqueira nas rías galegas vén sendo un sinal constante dende hai anos, ao igual que a redución de empregos que conleva e, no entanto, a Consellaría de Mar nunca tivo unha folla de ruta para poñer en práctica medidas nin a curto nin a longo prazo para evitar a dramática situación na que agora se atopan.

Despois das mortaldades brutais de moluscos bivalvos a primeiros do 2021 e posteriormente no mesmo 2023, tamén a primeiros de ano, a Consellaría continuou negando sistematicamente o que os seus propios datos estatísticos confirmaban e persistindo na súa política rutineira de sempre, sen ir máis alá das medidas ordinarias ás que recorre cada ano.

Incluso a devastación que deixou este outono, o inverno e parte da primavera nas rías e a situación límite na que se atopa o sector, non foron quen de provocar máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que unha restra de anuncios que, no mellor dos casos, causaron críticas e decepción nos traballadores e traballadoras do mar e, no peor, aínda non tiveron ningunha concreción que permita sequera intuír cal vai ser o camiño que vai tomar a Xunta para poñer fin ao derrubo do sector marisqueiro galego e para comezar a súa necesaria e urxente recuperación.

Ao anuncio, no mes de xaneiro deste ano e en plena precampaña electoral, dun Plan de Competitividade e Sostibilidade do Marisqueo en Galiza con vixencia do 2024 ao 2027, ao que se achegarían 130 millóns de euros en recursos, dos que 19,2 mobilizaríanse este ano, e onde se definirían as actuacións concretas para executar entre 2025 e 2027, impúxose a realidade dunha outra avalancha de anuncios sobre o mesmo tema, confusos e contraditorios entre si, mais sen sabermos a día de hoxe nin en que vai consistir, nin que orzamento vai ter, nincando se vai comezar a poñer en marcha, nin en que período temporal se vai executar, etc., etc.

En definitiva, anuncios rimbombantes sobre máis anuncios aos que se impón unha realidade que nada ten a ver cos propios anuncios e que forman parte da tónica xeral de actuación dunha Consellaría que vén tendo historicamente un nivel relativo de execución orzamentaria dos máis baixos do conxunto das consellarías e que vén deixando sen executar ducias de millóns de euros cada ano.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do exercicio das súas competencias exclusivas no ámbito do marisqueo, nomeadamente no relativo á necesaria recuperación das rías galegas e a atender a perda de ingresos do sector marisqueiro galego?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 12:41:16

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 12:42:23

Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 12:42:48

Daniel Castro García na data 22/04/2024 12:43:31

Daniel Pérez López na data 22/04/2024 12:43:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao cumprimento da lexislación vixente e dos compromisos da Consellaría do Mar en relación coa elaboración e posta en marcha dun protocolo de baleirado dos encoros da súa competencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Despois de máis de 17 anos de solicitudes e varios episodios de mortalidade masiva de produto dos seus bancos marisqueiros, as confrarías da ría de Muros e Noia continúan, a día de hoxe, sen ver un protocolo de baleirado do encoro do Tambre que marque as pautas de actuación e que evite desaugar en baixamar e mesmo poñer en risco a vida dos e das profesionais do mar.

A campaña marisqueira 2023-24 da confraría de Noia comezada no mes de outubro de 2023 durou apenas oito días, após doutra nefasta campaña anterior que trouxo unha brutal escaseza de bivalvo e que non permitiu que o que quedara medrase para acadar a talla comercial.

Nunha visita realizada polo propio conselleiro de Mar a Noia, días despois do peche da efémera campaña, a Confraría volveu reclamarlle o ansiado e necesario protocolo de baleirado do encoro do Tambre e nesta ocasión o conselleiro comprometeuse a favorecer unha reunión con todos os implicados (empresa que xestiona o encoro, Naturgy, o sector e a Administración) para elaborar un marco de actuación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais das confrarías da ría de Muros e Noia, moitos outros colectivos doutras rías, nomeadamente das de Arousa, Pontevedra e Vigo, teñen demandado en numerosas ocasións ese protocolo, que foi trasladado por este Grupo Parlamentar, tamén en innumerábeis veces, ao Parlamento e que unha e outra vez foi votado en contra por parte do Partido Popular. Por fin, no Pleno do 21 de novembro de 2023, o conselleiro de Mar manifestou que está traballando coa Consellaría de Infraestruturas e con Naturgy, “para redefinir o protocolo de actuación diante da apertura de comportas”. Tamén ofreceu ter de contado unha resposta en firme sobre facilitar ás confrarías unha comunicación con antelación á evacuación das augas almacenadas.

A finais do mes de novembro, as confrarías de Muros e Noia reuníronse con representantes de Augas de Galiza, coa empresa encargada da xestión do encoro do Tambre e co propio conselleiro de Mar. Tanto este como Naturgy comprometéronse a valorar tecnicamente a situación da marea nos momentos nos que a presa se enche e a avisar antes da apertura das comportas e non con posterioridade como, incríbelmente, se viña facendo.

Recentemente, neste mesmo mes de abril, e despois de cinco meses dende a reunión mantida, a confraría de Noia vén de amosar de novo a súa preocupación polo aínda inexistente protocolo de baleirado da presa do Tambre.

A lexislación vixente avala con claridade que a Xunta de Galiza é a Administración que debe, non só velar polo correcto funcionamento dos encoros, senón tamén garantir que ese funcionamento non teña incidencia sobre persoas e bens e que non se provoquen alteracións na calidade da auga que causen danos á fauna e flora, en particular ás poboacións de peixes e especies protexidas.

A esta altura, pois, o protocolo de baleirado dos encoros, como medida de protección e tamén de prevención de posíbeis males maiores, non admite máis demoras e a Xunta de Galiza debe levalo a cabo en cumprimento das súas competencias e proceder a regular, vixiar e sancionar todas aquelas actuacións que poidan intervir negativamente na calidade da auga das rías e na actividade pesqueira e marisqueira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dar cumprimento o Goberno galego á lexislación vixente e elaborar e poñer en marcha no prazo dun mes un protocolo de desaugamento dos encoros das concas hidrográficas da súa competencia?

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/04/2024 13:55:20

Carmela González Iglesias na data 22/04/2024 13:56:10

Daniel Castro García na data 22/04/2024 13:56:20

Daniel Pérez López na data 22/04/2024 13:56:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 22/04/2024 13:56:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas necesarias a tomar para garantir horarios axeitados no transporte por estrada entre as cidades de Lugo e Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo establece o Plan Estratéxico de Transporte Público de Galiza:

“O obxectivo xeral do Plan de Transporte Público de Galicia, que non é outro que acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia, a través dos diferentes apartados que compoñen ese documento desenvólvense uns obxectivos máis específicos que, seguindo o indicado na Lei 10/2016, son os seguintes:

Facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.

Facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.”

Baixo estes preceptos, o servizo de transporte público debe cubrir as necesidades das persoas que o utilizan, e que poidan entender como unha boa alternativa o seu uso. Cando se elimina unha liña baixo a premisa da baixa demanda, estáanse a vulnerar os principios do propio plan xa que se están deixando de cubrir as necesidades das persoas que precisan este servizo nos seus desprazamentos.

Concretamente estamos a falar do servizo XG623 Lugo-Ourense-Vigo, con anexos que, viu modificada a liña das 6 da mañá, unha liña utilizada por traballadores e traballadoras que se desprazan cara a cidade de Lugo e das vilas polas que pasa este servizo que hoxe ven imposibilitado o acceso a este servizo.

Xa na confección deste servizo, o horario das 6 da mañá era contemplado e recollida a confección das liñas e horarios, segundo reza o punto 1.6.5 de Viabilidade Social, os servizos deseñados respondes ás necesidades sociais identificadas, co obxectivo de mellorar a conectividade territorial etc.

Polo tanto, este horario tamén respondía ás necesidades sociais identificadas, mais para a empresa e a Xunta de Galiza parece que estas necesidades mudaron.

Como xustificación a esta modificación de horarios que vai en detrimento dos usuarios e usuarias recorrentes por traballo, a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria alegan a chegada do AVE e da súa necesaria conexión vía autobús como motivo desta mudanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo a intermodalidade coma horizonte a acadar para o transporte público galego, estas modificacións están á contra das necesidades dos usuarios e usuarias preexistentes, polo que cómpre dar ambos servizos en termos de igualdade, sendo necesario o estudo da creación de servizos específicos dende as principais cidades que conecten co AVE na provincia de Ourense.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para mellorar de adecuar os horarios no transporte por estrada na XG623, concretamente no traxecto Ourense-Lugo?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Montserrat Valcárcel Armesto
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 23/04/2024 11:06:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/04/2024 11:07:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/04/2024 11:08:02

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2024 11:08:04

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2024 11:08:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de execución orzamentaria do Plan galego de investigación, innovación e crecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos remitidos pola Xunta de Galiza ao Parlamento, entre 2009 e 2023 o Goberno galego deixou sen executar 211.666.582,16 euros do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Programa 561B).

É desde calquera punto de vista inaceptable que a Xunta de Galiza deixe no caixón sen poñer a disposición do ecosistema investigador galgo, máis de 200 millóns de euros, aínda máis tendo en conta o infrafinanciamento que a I+D+i padece no noso País.

Cómpre lembrar que Galiza se sitúa no 1,1% do PIB nesta materia, lonxe do 1,4% da media do estado e a anos luz do 2,5% da media europea.

É máis, o Goberno do Partido Popular nos últimos anos, incapaz de cumprir os obxectivos de investimento nesta materia que el mesmo se fixaba no Plan estratéxico de 2015-2020.

Así o recollía o Plan:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O obxectivo de Galicia en 2020 é que o gasto en I+D sobre o PIB ascenda ao 1,7% do que aproximadamente dous terzos correspóndelle ao sector privado. Este obxectivo supón mellorar en 8 décimas o dato do ano 2014 e case duplicar o gasto actual.

Incapaz de cumprir os seus propios obxectivos, o Goberno do Partido Popular na Xunta aínda deixa sen executar case o 30% do diñeiro orzado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre a Xunta de Galiza que o ecosistema investigador galego non precisaba os máis de 200 millóns de euros que deixou de executar entre 2009 e 2023?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2024 11:43:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2024 11:45:08

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/04/2024 11:45:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as familias de acollida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de protección da infancia e adolescencia son aproximadamente 62 no noso país, podendo estas entidades ser públicas (con titularidade da Xunta), privadas (con contratos e concertos) ou mixtas. Na maior parte dos casos son pequenos, de non máis de oito residentes de diferentes idades situados en vivendas comúns, aínda que non sempre é así, segundo os datos ofrecidos pola propia Xunta de Galicia ($\frac{1}{3}$ dos enumerados na páxina da Xunta teñen máis de 8 prazas e 7 deles superan as 20). Neles ofrécense os coidados e servizos de calquera familia cos seus fillos/as, excepto a escolarización e a atención sanitaria, que lle corresponde a organismos normalizados. Ditos centros son fogares para nenos/as e adolescentes que residen alí a tempo completo por a imposibilidade de facelo coa súa familia, ou por non ser convinte que sexan integrados cunha familia alternativa e están baixo a tutela da Xunta. Noutros casos, nestas institucións, préstase apoio durante determinadas horas do día, aínda que logo as crianzas sigan vivindo no seu fogar de orixe.

Este acollemento residencial é, ou debera ser, un recurso temporal, que non substitúe de forma permanente a convivencia nunha familia, polo que a intención é traballar para o regreso dos menores ao fogar de orixe ou para a integración nunha familia alternativa coa maior premura posible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deste xeito, as familias acolledoras son de vital importancia xa que, de non ser posible que o neno/a sexa acollido pola súa familia extensa (é a primeira opción), serían unha oportunidade de que o menor puidese ser atendido da mellor maneira posible, medrando co apoio e a seguridade necesaria e desenvolvendo adecuadamente a súa personalidade, sen ter que permanecer durante moito tempo institucionalizado, co que iso conleva a nivel persoal. O acollemento familiar é un acto solidario, que se leva a cabo en favor dun neno, nena ou adolescente e da súa familia de orixe, que se encontran nunha situación de especial vulnerabilidade, e ten unhas características específicas. Unha delas é a duración (é temporal) e outra o mantemento da relación do menor coa súa familia de orixe, polo que non é o mesmo que unha adopción. Ditos programas de acollemento familiar teñen prioridade sobre o acollemento residencial, especialmente nos menores de 6 anos, para preservar o seu benestar, tratando sempre de evitar que o menor teña unha estadía nun centro que se perpetúe durante os anos.

No ano 2015 acadouse un acordo estatal entre todos os partidos políticos en prol da protección da infancia, polo cal os menores de 6 anos debían estar acollidos en familias e non en centros residenciais, fito histórico que deixou a ventá aberta ás comunidades autónomas, que son as que teñen as competencias en materia de servizos sociais para adaptar o tempo e fomentar o acollemento familiar. Esta lei foi incumprida sistematicamente dende aquela, firmándose no 2022 de novo o compromiso de sacar dos centros residenciais ás crianzas comprendidas entre esas idades, promesa que quedou en papel mollado ao confirmarse que o número destes nenos/as medrou dende esa data.

Galiza non foi a excepción deste incumprimento, xa que temos, segundo datos da Asociación Estatal de Acollemento Familiar, aproximadamente 80 menores de 6 anos en centros residenciais dun total de 745 no noso país (41 deles son menores de 3 anos), dato que contrasta sorprendentemente coa cantidade de familias que agardan para levar a cabo de xeito solidario ese servizo, que non deixa de ser unha labor social pouco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecida (aproximadamente 20 en lista de agarda). Deste xeito os máis prexudicados seguen a ser as crianzas que, en lugar de vivir nun ambiente familiar propicio para o seu desenvolvemento persoal, seguen sen ter familias de destino nas que instalarse, alegando as comunidades, entre elas a nosa que hai falla de familias acolledoras, algo que as asociacións implicadas achacan a unha falla clara de vontade política e de investimento neste senso.

Dende o goberno e a administración deberíanse ter en conta os dereitos dos menores e a súa protección, cumprindo as leis, os dereitos constitucionais e tendo a este grupo de idade como protagonista das políticas sociais das que son obxecto, sen ter unha percepción e perspectiva cunha visión unicamente adulta das súas necesidades e carencias.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai aplicar a Xunta de Galiza para que ningún neno/a menor de 6 anos estea nun centro de menores e teña unha familia de acollida coa maior premura posible?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 23/04/2024 12:14:31

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2024 12:15:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para previr e intervir fronte á soidade non desexada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2019 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade o seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Elaborar, durante a X Lexislatura, e en colaboración coa Fegamp, un informe que permita dimensionar o impacto do fenómeno da soidade en Galicia.

a) Dito documento conterá un censo de persoas maiores que viven soas en Galicia.

b) Tendo en conta os resultados deste informe, e en colaboración coa Fegamp, o Goberno de España, e a participación do terceiro sector, elaborar de maneira urxente unha Estratexia de prevención e atención á soidade non desexada en Galicia, que aborde de forma integral este fenómeno

Cinco anos despois dese acordo, a cronoloxía dos feitos deixa en evidencia o desleixo do Partido Popular na Xunta.

Neste tempo, o Goberno galego, foi facendo anuncios e propaganda pero non hai nada aprobado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en 2021:

La Xunta propone «arroupar» a 126.000 maiores que viven solos con soluciones personalizadas

ULTIMA CON LAS ORGANIZACIONES SOCIALES UN «SISTEMA FIABLE DE ALARMAS» PARA DETECTAR CASOS DE SOLEDAD NO DESEADA

26 abr 2021 . Actualizado a las 17:53 h.

En xullo de 2022 anunciábase un estudo piloto, cun investimento de 300 mil euros, para a soidade en Galiza, non só maiores senón tamén mozas.

La Xunta presenta un estudio para abordar la soledad en Galicia, una situación que viven cada vez "más personas jóvenes"

Ao ano seguinte:

La Xunta creará una red de apoyo para unos 120.000 maiores que viven solos

La Estratexia Galega de Atención á Soidade non Desexada contará con 125 millóns para censar a los afectados y ofrecerles servicios ► Política Social destina 7,7 millóns para la gratuidad de guarderías el próximo curso, lo que beneficiará a más de 6.700 familias

04/AGO./23 - 02:13

Antes, no mes de xuño de 2023, a impulso do BNG acordouse de maneira unánime remitir ao Parlamento, antes de que remate o ano, a Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada para o seu debate e tramitación na Cámara galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como é evidente, nunca nada chegou ao Parlamento para ser tramitado incidindo o Partido Popular, como grupo e como goberno, no incumprimento dos seus propios anuncios.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai cumprir a Xunta de Galiza as súas propias promesas na abordaxe da soidade non desexada?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2024 12:47:49

Ariadna Fernández González na data 23/04/2024 12:48:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os incumprimentos da Xunta de Galiza en materia de dereitos sociais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Política Social ten no seu haber unha importante listaxe de incumprimentos nos últimos anos, algún deles desde hai máis dunha década.

1. Reforma da Lei de inclusión social de Galiza.

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza, rematou 2021 e nada máis se soubo da devandita reforma, alén dun novo anuncio que fixa para 2022 a proposta dunha nova normativa, en palabras do presidente da Xunta de Galiza no acto de presentación pública da Axenda Social Única.

En abril de 2022, como “segúan sen mover un papel e sen facer nada”, desde o BNG volvemos preguntar por esta cuestión e naquela ocasión, a conselleira afirmou que estaba todo encamiñado e que a lei estaría “lista” a finais dese ano, tampouco o fixeron.

Finalizado 2023 tampouco se presentou proposta de reforma ningunha a este respecto malia necesidade, case podemos dicir, urxencia de avanzar no recoñecemento de novas realidades sociais (traballadoras/es empobrecidas/os), adaptarse a novos instrumentos (IMV) ou abordar grandes tarefas pendentes como a pobreza infantil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Creación do rexistro de familias monoparentais.

Prometeron en 2011 que o crearían despois de aprobar a Lei de familia (2010). Levan desde aquela anunciándoo, mesmo o incluíron na Lei de impulso demográfico (2021) dando un prazo de 6 meses desde a entrada en vigor da lei para facelo. A día de hoxe non fixeron nada e apelan á tramitación da Lei estatal de familias para xustificar non facelo.

3. Estratexia de soidade non desexada.

En 2019 o Parlamento acordou por unanimidade instar a Xunta a elaborar, de maneira urxente, unha estratexia para a abordaxe integral da soidade non desexada.

A Xunta foi facendo anuncios e propaganda co tema ao longo deste tempo pero non hai nada aprobado.

En xuño de 2023 levámolo ao Parlamento e comprometéronse a remitila á Cámara antes de finalizar o ano. Non enviaron nada. Continúan sen facelo.

4. Novo modelo de residencias

Malia os anuncios e os grandes discursos despois da pandemia, non mudaron en absoluto a lexislación galega ao respecto (nin a Lei de servizos sociais de 2008 nin a Orde que regula desde 1996 os centros de maiores). Ao longo deste tempo só houbo anuncios sobre medidas que se incorporarían como unidades de convivencia reducidas (25 persoas) ou o uso de tecnoloxía pero nada obriga a cumprir con iso. En todo caso, as rateos de persoal de atención directa ou o réxime de inspección e sanción das empresas que vulneren a lexislación, continúa sendo o mesmo que antes da pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai deixar de incumprir os seus propios anuncios?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Ariadna Fernández González
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2024 12:57:13

Ariadna Fernández González na data 23/04/2024 12:58:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do CEIP Barrié de la Maza, en Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Barrié de la Maza foi construído hai medio século no concello de Santa Comba para dar resposta ás necesidades de infraestruturas educativas desta localidade. Despois de 50 anos, este centro presenta múltiples eivas e carencias na infraestrutura pois non tivo ningunha reforma substancial neste tempo.

A cuberta do centro é plana e conta con canalizacións internas, e o seu estado provoca pingueiras e filtracións constantes, o que provocou no curso pasado o desprendemento de parte do teito dunha aula danando a unha profesora. Tras este incidente, unha unidade técnica avaliou o estado do centro instando a realizar actuacións de emerxencia en 8 aulas e un aseo, mais ningunha destas deficiencias foron solucionadas. Mais os problemas non se limitan á cuberta, pois as fiestras tamén filtran a auga e non illan do frío e a calefacción atópase en mal estado, coas tubaxes situadas por fóra das paredes sen ningún tipo de illante.

A gravidade das filtracións chega ao punto de comprometer a hixiene e salubridade do centro, con informes negativos da inspección de sanidade por humidades na cociña e almacén do centro, con risco tanto de intoxicación alimentaria coma de risco eléctrico pois estas pingueiras afectan a zonas con electrodomésticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os espazos do centro son insuficientes. Non hai aseos abondos para o alumnado, na biblioteca teñen que acceder por quendas polo reducido espazo co que contan, e o ximnasio, o único espazo cuberto pechado no que realizar actividades, non ten capacidade para todo o alumnado, ademais de non contar con calefacción.

Todas eivas foron trasladadas en reiteradas ocasións tanto por parte da equipa directiva do centro, como tamén da ANPA Xallas, mais aínda non se teñen acometido as tan necesarias reformas que demandaban.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para solucionar as múltiples carencias que presenta o CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2024 15:51:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 23/04/2024 15:51:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A poboación galega está inmersa nun proceso de envellecemento que afecta a toda Europa e que continúa á luz dos datos de idade media que publica o Instituto Galego de Estatística. Desde 1975, o seu continuo aumento reflicte a velocidade do envellecemento da poboación de Galicia, superior no caso das mulleres.

Este avance relevante é positivo se vén acompañado de maior calidade de vida, especialmente nestes anos da vida. Para iso precisamos un sistema social que cubra as necesidades dos nosos maiores. No plano sanitario o aumento de idade tende a ir acompañado dunha maior frecuencia ao propio sistema, tanto en Atención Primaria como na atención hospitalaria para os problemas específicos. Ata o de agora ambas dimensións sofren problemas de xestión no sistema sanitario. No caso da atención primaria pola evidente perda de control do sistema por parte do Goberno de Galicia que provoca saturacións e problemas nunca coñecidos, con esperas longas, falta de profesionais nos centros de saúde e afastamento dos servizos dos contornos máis rurais, o que prexudica a aquelas persoas que viven en zonas máis despoboadas que son, en boa parte, persoas maiores que teñen maior dificultade para se desprazarse e para ser operativo antes os erros de xestión.

No plano hospitalario en Galicia tamén existe un problema de déficit de profesionais, pois a maior parte de situacións de persoas maiores son cubertas por profesionais de medicina interna, que é un servizo que nos últimos tempos



vense caracterizando por evidenciar problemas estruturais na súa xestión e planificación por parte da Consellería de Sanidade. Estes servizos, xa de por si saturados, teñen ademais a tarefa de atender ás persoas maiores por non existir unidades de xeriatría con persoal especializado salvo en Vigo e Lugo. Como caso paradigmático Ourense, a poboación máis envellecida de España, non ten servizo de xeriatría na súa rede de hospitais do sistema público.

Ante estes problemas, a Dirección do sistema sanitario público debe reaccionar e reorientar as decisións para dotar dos mecanismos necesarios e poder atender as necesidades das persoas maiores, coa súa especificidade e a atención que merecen.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Por que a rede do sistema público de saúde de Galicia non ten implantado servizos de xeriatría en cada unha das áreas sanitarias xa que é unha comunidade autónoma con elevada tendencia ao envellecemento?

Pazo do Parlamento, 22 abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/04/2024 13:23:14

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2024 13:23:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O cambio introducido polo Goberno do Estado, no ámbito da Formación Profesional representa unha decidida aposta pola Formación Profesional Dual e o fomento da empregabilidade.

Este compromiso tradúcese nun investimento substancial de 7.700 millóns de euros ata 2025, dos cales 2.200 millóns proveñen do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Un aspecto destacado desta nova política é que todos os estudantes de Formación Profesional maiores de 16 anos que realicen prácticas contribuirán á Seguridade Social a través de cotizacións.

O Goberno apoiará nun 90 % o custo destas cotizacións, o que significa que nove de cada dez euros serán sufragados pola Seguridade Social. Estas cotizacións limitaranse ás continxencias comúns (pensións e incapacidade temporal), excluindo así a prestación por desemprego.

Este enfoque implica que o 10 % restante da cotización sexa asumido polas empresas, co obxectivo de minimizar o impacto económico nelas. Isto representa un avance significativo para os estudantes en formación, xa que comezan a construír o seu historial de cotizacións desde unha etapa temperá da súa carreira.



Pese a iso, medio centenar de alumnos de sete centros educativos galegos especializados en hostalaría encargáronse, de forma “voluntaria” segundo afirmaba o Goberno galego, do ágape que seguiu á toma de posesión de Alfonso Rueda como presidente da Xunta no Parque de San Domingos de Bonaval.

Os estudantes no recibiron contraprestación económica nin foron dados de alta na Seguridade Social durante o desenvolvemento desa actividade.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que o acontecido é contrario á lexislación vixente, constitúe unha fraude á Seguridade Social, vulnera os dereitos laborais dos e das estudantes, implica un abuso de poder e constitúe unha conduta totalmente indefendible.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a “ilusión” que afirman tiñan os estudantes suple as garantías e dereitos de alta e cotización á Seguridade Social?

Parlamento de Galicia, 23 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/04/2024 12:48:15

Elena Espinosa Mangana na data 23/04/2024 12:48:20

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2024 12:48:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da estrada AC-453, en Ames.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-453, de titularidade autonómica e que serve de nexa entre a zona de Carballo e o suroeste galego, sofre desde a inauguración no 2008 da autovía AG-56 Santiago – Brión un aumento significativo do tráfico rodado, con máis de 3500 vehículos circulan diariamente por esta vía, sendo a maioría de gran tonelaxe.

Durante este tempo, foron múltiples as demandas de arranxo das deficiencias que presenta esta vía, sobre todo no referente á seguridade viaria de peóns, ciclistas e vehículos que circulan por ela. O BNG, facéndose eco desta denuncia da veciñanza, trasladou emendas aos orzamentos da Xunta de Galiza para mellorar a súa seguridade viaria, mais contaron co veto do Partido Popular. Tampouco desde a Xunta de Galiza se tomaron medidas para corrixir estas eivas.

O tramo con maior circulación está entre Portomouro e Augapesada e supón 8km de tráfico intenso. A estrada non está preparada para tanto volume de tránsito pesado, e nin o firme nin as dimensións da vía son axeitados para esta tonelaxe, creando novos puntos negros e facendo que xurdan situacións de perigo constantemente, o que se suma á falta de sinalización e beirarrúas. Ademais, esta é unha zona poboada, con múltiples vivendas habitadas, e polas que tamén transcorre o transporte escolar, con varias paradas para recoller crianzas neste tramo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas previstas para garantir a seguridade viaria das persoas que circulan por ela diariamente, ben a pé, ben en vehículo?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/04/2024 16:24:03

Paulo Ríos Santomé na data 23/04/2024 16:25:34

Luis Bará Torres na data 23/04/2024 16:26:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación e futuro do Mosteiro de San Clodio en Leiro cedido á Xunta e inscrito a nome da Comunidade Autónoma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de San Clodio e a súa ponte medieval, situados no concello de Leiro, conforman un conxunto artístico con mostras de románico e barroco de incalculable valor cultural, patrimonial e social que debe ser protexido e valorizado polo seu significado para a comarca do Ribeiro e para o conxunto de Galiza.

Este conxunto foi declarado monumento histórico-artístico por Real Decreto do 8 de maio de 1981. Sendo dita declaración anterior á entrada en vigor de la Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galiza, concreouse posteriormente a delimitación da súa contorna de protección a través do Decreto 24/2001, do 25 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galiza do 06 de febreiro de 2001, sendo Ben de Interese Cultural.

A finais dos anos 90 a Comunidade Benedictina de Samos acordou a cesión do dereito real de uso, a título gratuito e por tempo indefinido, á Xunta de Galiza do mosteiro de San Clodio e os terreos que o circundan. Esta cesión, aceptada pola Xunta de Galiza mediante o Decreto 327/1999, do 3 de decembro e publicada no DOG 23 de decembro de 1999 tiña como obxecto “a instalación de diversos servizos dependentes da





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta” e facíase en virtude dun convenio de cooperación e colaboración subscrito entre Xunta, Bispado de Ourense, Comunidade Benedictina de Samos e Concello de Leiro, con data do 14 de decembro de 1994, e addendas asinadas os días 8 de novembro de 1998 e 23 de agosto de 1999.

Posteriormente, a Xunta impulsou diferentes concursos públicos para a contratación de subministracións para dito Mosteiro. Finalmente, foi inaugurado como Hotel Monumento no ano 2000 pola empresa Eurostars Hotels (Hotusa S.L.). Con posterioridade a esta data, hai que sinalar que tamén houbo diversos investimentos públicos. Por exemplo, no ano 2007, para a consolidación de muros e bóvedas do edificio anexo ou diversas reparacións e melloras no ano 2013 cofinanciadas polo programa operativo Feder 2007-2013 e polo Fondo de Compensación Interterritorial. A maiores, é preciso recordar o investimento público respecto da viñoterapia impulsado por parte da Xunta de Galiza e sen resultados reseñables.

A realidade é que a día de hoxe, malia a importancia deste enclave e malia o orzamento público investido, son recorrentes as denuncias por parte da veciñanza da comarca de longos períodos de peche das instalacións hoteleiras, co conseguinte prexuízo na accesibilidade aos espazos por parte da cidadanía e co conseguinte prexuízo á hora de perder un activo para a dinamización cultural e económico-turística. Malia a importancia estratéxica para a comarca, e así o ten denunciado o Bloque Nacionalista Galego, a Xunta de Galiza e o Concello de Leiro non se teñen responsabilizado de fiscalizar e solucionar esta situación.

A concesión impulsada por Fraga ten unha previsión de vinte e cinco anos que rematarían no 2025 e que é prorrogable, por períodos de 5 anos, ata cincuenta anos. É evidente que este modelo non é o adecuado e que hai que iniciar unha profunda auditoría dos seus resultados e impulsar a súa reconsideración en tempo e forma.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario, polo tanto, evitar que a inacción de Concello e Xunta deriven nunha prolongación desta situación e é preciso abordar a situación e futuro do Mosteiro de San Clodio en Leiro cedido á Xunta e inscrito a nome da Comunidade Autónoma

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego ante o remate da concesión hoteleira do Monumento de San Clodio, cedido a título gratuito á administración galega?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2024 17:05:59

Mercedes Queixas Zas na data 23/04/2024 17:06:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego dos resultados do spa e centro de viñoterapia que financiou e impulsou no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta de Galiza impulsou, desde o ano 2013, diferentes iniciativas para desenvolver un spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense).

Desta maneira, por resolución do 18 de xuño de 2013, a Axencia de Turismo de Galiza facía pública a formalización do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución de rehabilitación e acondicionamento para spa e centro de viñoterapia da nave lateral do citado mosteiro, que foi finalmente adxudicada por 45.000 euros. Posteriormente licitábanse as obras de rehabilitación e acondicionamento por valor de 1.203.669,17 euros e acababa por formalizarse contrato en decembro con Copasa por 994.767,91€.

Máis adiante, en marzo de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a licitación para a súa xestión e, meses despois, en xullo de 2018, publicábase a resolución do 3 de xullo pola que se anuncia a formalización do contrato relativo á xestión de servizo público, en réxime de concesión, para a explotación de forma integral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do spa viñoterapia anexo ao mosteiro de Leiro cun valor estimado do contrato: 1.873.452,00€ sendo adxudicataria a empresa Hotel San Clodio, S.L..

Malia este investimento público, da mesma maneira que acontece coa xestión do Hotel-Monumento, son frecuentes as denuncias por longas tempadas de peche da oferta e pola súa escasa posta en valor, pese a que o prego especifica, entre outras, como necesidades administrativas a de optimizar e asegurar a promoción e a difusión do coñecemento do turismo termal, acadando os máximos niveis de satisfacción e afluencia do público. Cómpre ter en conta que o mosteiro de San Clodio leva máis de vinte anos concesionado a unha empresa privada para desenvolver unha actividade hoteleira que incumpre sistematicamente.

Cómpre recordar, ademais, que estamos a falar dunha comarca de vocación vitivinícola, O Ribeiro, cunha Denominación de Orixe referencial, e que polo tanto o viño constitúe un elemento clave na vida cultural e económica e na súa paisaxe. A maiores, é preciso sinalar o fracaso do Plan Ourense Termal e, singularmente, que ao falarmos de Leiro é preciso recordar como durante anos estivo pechado o balneario de Berán, despois dun enorme investimento público e de que o propio Plan Termal estimase a súa reapertura para 2014.

Por todos estes motivos, é necesario fiscalizar os resultados deste proxecto, toda vez que o prazo de concesión é até finais de 2024.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración por parte do goberno galego do funcionamento do spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2024 17:57:06

Daniel Pérez López na data 23/04/2024 17:57:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Secundino Fernández Fernández, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do sector vitivinícola na Ribeira Sacra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vitivinícola é un dos sectores produtivos máis importantes cos que contan os concellos pertencentes á Ribeira Sacra. A actividade de viticultoras e viticultores non só ten como resultado a produción de uva de magnífica calidade e por tanto viño; senón tamén achegar un grande valor engadido na Ribeira Sacra como é o mantemento da paisaxe. As mans que traballan as viñas e que manteñen a paisaxe merecen respostas ás súas reclamacións e merecen, cando menos, ser escoitad@s. Confórmase nestas terras a denominación de orixe Ribeira Sacra, unha das cinco denominacións vinícolas de Galiza e a principal de produción de viño tinto.

A falta de remuda xeracional, viñas sen traballar ou a aparición de enfermidades que afecten a uva, son algunhas das cuestións que máis preocupan ao sector. Preocupacións que se engaden agora ao feito de que hai viticultores aos que se lle ameaza con non recollerlles a uva, algo especialmente grave ao ter en conta que existen persoas cuxa única fonte de ingresos é precisamente esa.

Deixar caer as e os nosos viticultores non é unha opción e a Xunta de Galiza debe ter como prioridade dar resposta ás necesidades do sector nun lugar como a Ribeira Sacra onde o viño é a cuestión que marca a peculiaridade e debe ser bandeira da calidade dos produtos galegos; de feito o da Ribeira Sacra é o único territorio de viñado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

BIC que hai no Estado español. Até o de agora, o Goberno galego non realizou as actuacións necesarias para mellorar e axudar o sector, como por exemplo levar a cabo unha cartografía da Ribeira Sacra. É imperativo que o Goberno galego tome a iniciativa e poña en marcha as actuacións necesarias para axudar a quen mantén a paisaxe xa que non vale de nada ser patrimonio da humanidade sen ter en conta a xente que deseña o territorio que aspira a selo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como ten pensado a Xunta de Galiza dar solución ao problema da falta de remuda xeracional no sector vitivinícola da Ribeira Sacra?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Secundino Fernández Fernández
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 24/04/2024 09:15:36

Secundino Fernández Fernández na data 24/04/2024 09:16:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións que vai impulsar o goberno galego ante a denuncia de profesionais da sanidade ourensá de inseguridade no PAC de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente membros da Comisión de Atención Primaria da Área Sanitaria de Ourense facían constar, aos medios de comunicación e á Subdelegación do Goberno do Estado na cidade de Ourense, a situación de falta de seguridade e conflitividade no PAC da rúa Concello por mor da entrada de persoas alleas ao centro nas instalacións e máis concretamente en salas de espera con doentes e familiares, situación que trasladaron á xerencia sanitaria e ao Comité de Riscos Laborais sen que se puxese ningunha solución.

Cómpre recordar que as competencias relacionadas coa seguridade dos espazos sanitarios corresponde á Xunta de Galiza, con independencia da colaboración que poida acordar con outras administracións ou da colaboración policial que poida manexar.

Ante esta situación, é preciso que o goberno galego dialogue cos e coas profesionais e que tamén, como administración competente en política social, vele por un adecuado atendimento das persoas que poidan estar a entrar nestes recintos para se refuxiar das inclemencias do tempo ou para pernoctar, de non teren onde facelo. Unha actuación que debe velar, ademais, por evitar a escalada de prexuízos, a aporofobia ou tratamentos prexuízosos. Máis aínda ao falarmos da cidade de Ourense, onde o goberno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

local está a desmantelar progresivamente todos e cada un dos servizos asociados á área social.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a impulsar o goberno galego para garantir a seguridade no PAC de Ourense?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2024 10:24:58

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2024 10:25:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/04/2024 10:25:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da ampliación do polígono de Ribadavia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ribadavia é unha vila da comarca do Ribeiro que é absolutamente estratéxica para o desenvolvemento económico desta e do resto de comarcas de Ourense. A súa conexión por autovía e a proximidade tanto ao enclave industrial San Cibrao-Pereiro, a Vigo ou a Portugal convértena nunha ubicación idónea para a localización de tecido económico, ao que contribúe tamén o seu liderado vitivinícola.

Porén, a falta de planificación económica, industrial e de ordenación do territorio da Xunta de Galiza fan que este potencial non estea suficientemente aproveitado e que se dilaten investimentos necesarios, como é a dotación suficiente de chan industrial.

Xa no ano 2019 a Xunta anunciaba a creación dun grupo de traballo, que non chegaba a verificarse. En xuño de 2020, a daquela conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, asinaba co alcalde de Ribadavia, César Manuel Fernández Gil, un protocolo de colaboración do Instituto Galego de Vivenda e Solo para a ampliación do Polígono empresarial desta localidade para poñer a disposición máis de 50.000 m2 neste parque empresarial de Ribadavia no que sería a terceira fase deste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polígono empresarial, cuxas fases unha e dúas xa estaban completamente executadas e que non quedaba, nese momento, segundo a propia Xunta, ningunha parcela dispoñible.

Porén, catro anos despois, non se avanzou nesta cuestión. É máis, en decembro de 2023 a entón aínda conselleira visitaba Ribadavia e os responsables políticos facían amnesia dese proxecto, pois afirmaba literalmente o goberno galego na súa comunicación que *“Noutra orde de cuestións, a vicepresidenta e o alcalde abordaron tamén as necesidades municipais en materia de solo empresarial. En concreto, Ángeles Vázquez comprometeuse a que a partir do primeiro trimestre de 2024 se porá á disposición dos empresarios da zona as parcelas que aínda están dispoñibles nas dúas primeiras fases do polígono industrial de Ribadavia.*

En todo caso, acordaron estudar a posibilidade de incrementar a superficie da actual área empresarial mediante o desenvolvemento dunha nova ampliación, na que podería colaborar a Xunta.”

É preciso, polo tanto, aclarar esta situación.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Abandonou o goberno o seu compromiso de executar a terceira fase do polígono industrial de Ribadavia?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2024 11:09:45

Alexandra Fernández Gómez na data 24/04/2024 11:09:49

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/04/2024 11:10:54



Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Esta proposición non de lei parte de intentar empezar a practicar a transparencia no ámbito sanitario e en concreto en temas de innovación sanitaria-tecnolóxica.

Neste sentido xa o Consello de Contas, puxo de manifesto un problema de xestión porque derivou a un centro privado unha tecnoloxía sanitaria doada para o sistema público.

Esta situación non é recente, pero non por iso ten que quedar esquecida, nin xerar antecedentes para outras situacións similares.

Trátase dunha doazón realizada pola Fundación Amancio Ortega ao Servizo Público de Saúde. Non estamos en absoluto criticando a doazón, o que estamos denunciando é que esta doazón acabará nunha clínica privada da Coruña, o centro oncolóxico de Galicia. Aínda que este centro traballa, en parte, en réxime de concesión co sistema público e en parte cos seus clientes privados.

E como consecuencia, a tecnoloxía cedida polo Sergas unha vez que foi recibida, utilízase por esta clínica para dar servizo tanto ás persoas usuarias que veñen derivadas do sistema público como aos seus propios doentes vía privada. Por tanto, a realidade é que o goberno de Galicia destinou unha



tecnoloxía de moito valor a unha clínica privada que obtén beneficio propio dela.

Esta situación surrealista é provocada pola decisión do Goberno de Galicia de incluír a este centro como destinatario de parte destas doazóns, cuestión que o propio Consello de Contas sinala como irregular.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

Está a Xunta de Galicia disposta a radicar exclusivamente en centros de titularidade e xestión pública, calquera doazón de material que reciba?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 23/04/2024 18:48:25

Silvia Longueira Castro na data 23/04/2024 18:48:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao impulso necesario para iniciar a licitación e executar o tramo Salto-Berdoias na autovía da Costa da Morte AG-55.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2005, cando o señor Fraga anunciou no seu programa electoral o anteproxecto da autovía entre Carballo e Cee, para facer cumprir as promesas do Plan Galiza como compensación á nefasta xestión da catástrofe do Prestige polo propio Partido Popular, pasaron 19 anos. E a Costa da Morte segue vilipendiada polo mesmo partido que propiciou dito desastre medioambiental, porque gran parte das promesas que fixeron naquel Consello de Ministros na cidade herculina quedaron en papel mollado.

Unha autovía de alta capacidade que tiña que chegar inicialmente a Cee, cunha variante ata o porto de Brens, tal e como foi concibida inicialmente para eliminar o tráfico de camións do casco urbano, e que pouco a pouco foi mingando o seu trazado e a súa lonxitude. Unha autovía que debe tamén contar cunha conexión co polígono industrial de Vimianzo, para darlle o impulso definitivo ao seu desenvolvemento e facilite o asentamento de máis empresas. O último trazado finalizado e aberto aos usuarios da comarca foi de 27 quilómetros no ano 2016 entre Carballo e Salto (Zas), dos cales 25,5 Kms. son de alta capacidade e 2,2 Kms de vía rápida. Levamos por tanto, oito anos, dúas lexislaturas de gobernos do PP, sen construír un só metro desta vía de alta capacidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2020 incluíron nos orzamentos 1 millón de euros para este proxecto, no 2021 6 M€, no 2022 3,43 M€, no 2023 3,5 M€ e para este ano 2024 2 M€. Mais o goberno galego leva dende o ano 2016, e xa van 9 anos, sen licitar un só euro para executar obras na autovía AG-55 da Costa da Morte, a pesar das promesas electorais levadas xa polas rachas de vento de Vimianzo, que son das máis fortes do país.

No programa de goberno do Partido Popular, aparece unha reseña de que “Vanse dotar dun plan director de infraestruturas para unha mobilidade sostible que guiará a ampliación e mellora da red viaria autonómica, co impulso definitivo da vía de alta capacidade da Costa da Morte”

A día de hoxe, rematando o mes de abril, na plataforma de contratos públicos de Galiza, a Axencia Galega de Infraestruturas non iniciou ningún procedemento de licitación de contrato de obra pública para esta autovía AG-55.

Recentemente iniciáronse as obras da autovía AG-59 (Santiago -A Estrada), para executar o tramo de 3,5 Kms. entre A Ramallosa e Pontevea, obras que foron adxudicadas por 27, 1 millóns de euros. O tramo entre Salto e Berdoias é de 5,5 Kms. e o goberno galego só destinou no orzamento de 2024, 2 millóns de euros, cantidade que a todas luces parece insuficiente para acometer os traballos para este tramo da autovía mediante un contrato de obras, comparándoo co contrato da AG-59.

Cabe lembrar, que o tramo entre Carballo e Salto executouse cun modelo contractual de colaboración público-privada, mediante unha concesión que finaliza no ano 2038. Igual o goberno galego considera que non precisa gran financiación a curto prazo para iniciar as obras se ten intención de utilizar o mesmo procedemento contractual, a pesar de que este modelo triplica os custes para as arcas públicas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando vai a presentar a Xunta de Galiza o plan director de infraestruturas para coñecer o deseño e planificación da rede viaria galega?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Daniel Pérez López
Luis Bará Torres
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 24/04/2024 12:57:10

Daniel Pérez López na data 24/04/2024 12:59:15

Luis Bará Torres na data 24/04/2024 12:59:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avanzar na recuperación do Parque do Pasatempo de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque do Pasatempo de Betanzos leva pechado ao público desde 2018 debido aos desprendementos que se produciron nos estanques da Gruta e do Retiro, que ameazaban a estabilidade da estrutura do parque e que poñían en risco a seguridade do público visitante.

A finais de 2021 facíase pública a adxudicación de 1,5 millóns de euros de fondos europeos para a recuperación do Parque do Pasatempo de Betanzos a través do Plan Turístico Xacobeo 21-22.

Até este momento, este espazo cultural senlleiro dentro do patrimonio cultural galego e sometido a un proceso de abandono e deterioración inxustificábel por parte das administracións que puxo en risco a propia supervivencia, apenas recibiu atención do servizo de cultura da Deputación da Coruña a través dun convenio asinado co Concello de Betanzos, polo que se asignaban 750.000 euros para a rehabilitación do parque e que permitiron recuperar o estanque do Retiro.

Neste proceso de restauración do Parque do Pasatempo, o goberno galego unicamente ten colaborado coa redacción do plan director deste parque enciclopédico e monumento máis representativo de Betanzos, declarado BIC en febreiro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Logo de ter transcorrido máis de dous anos desde o anuncio da adxudicación de 1,5 millóns de euros para afrontar as novas fases de recuperación deste BIC, non se ten feito pública a licitación destas obras, o que pode impedir cumprir cos prazos de execución e a consecuente perda dos fondos europeos adxudicados.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que proxecto de recuperación e restauración do Parque do Pasatempo de Betanzos ten previsto desenvolver a Xunta?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/04/2024 13:07:39

Mercedes Queixas Zas na data 24/04/2024 13:07:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Iria Taibo Corsanego, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza solicite as competencias de homologación e declaración de equivalencia de títulos obtidos no marco de sistemas de educación superior estranxeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os procesos burocráticos e administrativos sempre adoitan conlevar uns períodos de tempo moi prolongados e tediosos que provocan enfado e desesperación nos cidadáns e cidadás. Isto tamén se pode aplicar aos procesos administrativos no eido educativo.

Un exemplo perfecto é o da homologación e declaración de equivalencia de títulos entre de educación superior entre diferentes países.

Actualmente este proceso está xerando listas de agarda de anos, impedindo que moitos e moitas estudantes poidan avanzar nas súas carreiras laborais e científicas e ter un maior e mellor recoñecemento internacional.

Para rematar con estas tardanzas e problemas o goberno vasco solicitou ao goberno estatal as competencias de homologación e declaración de equivalencia, séndolle estas competencias concedidas por parte do goberno español.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai solicitar a Xunta de Galicia as competencias de homologación e declaración de equivalencia de títulos obtidos no marco de sistemas de educación superior estranxeiros?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iria Taibo Corsanego

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/04/2024 13:12:46

Iria Taibo Corsanego na data 24/04/2024 13:12:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención á vellez na comarca do Ribeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vellez e a súa adecuada atención desde os servizos públicos constitúe un reto para a sociedade. Cómpre ter en conta o medre na esperanza de vida, que no noso país chega aos 86 anos para as mulleres e aos 80 para os homes e que o noso obxectivo debe ser prolongar o máximo posible os anos con boa calidade de vida e ter un bo sistema de benestar que acompañe, axude ou atenda a quen o precisa segundo vai evoluíndo a súa situación cara unha maior dependencia.

A poboación maior de 65 anos representa xa máis dun terzo da sociedade galega e as previsións é que esta porcentaxe vaia en aumento, máis aínda en territorios como o de Ourense. Hai que recordar que hoxe as comarcas abranguidas na circunscrición de Ourense teñen un 31,94% de poboación de máis de 65 anos, a porcentaxe máis alta non só de Galiza, senón do Estado. A maiores, tamén é onde viven máis maiores de cen anos, 387 persoas cos datos máis recentes.

Esta circunstancia fai que o goberno galego deba ter, ademais de por principio de equidade territorial, como prioridade o impulso de servizos públicos nesta parte do país. Porén, non é a liña que seguiron os sucesivos gobernos do Partido Popular. Un exemplo disto é a comarca do Ribeiro. A distribución por concellos dos centros para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas maiores, persoas con discapacidade e os centros sociais da Consellaría de Política social amosa como no Ribeiro, en toda a comarca, apenas se conta con dous servizos directamente públicos dependentes da Xunta. Por unha banda, coa Casa do Maior Aloumiño (tan só 5 prazas) e co Centro Sociocomunitario de Benestar de Ribadavia, que cumprindo funcións positivas para a sociedade, non equivale en absoluto ás necesidades que podería cumprir o tan demandado centro de día para a vila e capital de comarca.

É un feito obxectivo que os concellos desta comarca teñen enormes necesidades canto á atención aos máis maiores e que a vila, que actúa como núcleo de encontro para as persoas máis activas e con posibilidades de desprazamento, debería ser prioritaria no despregamento dos servizos. Ademais, tendo en conta as dificultades físicas para o desprazamento de moitas persoas maiores, sería preciso tamén un adecuado despregue do transporte. Porén, nin un transporte adecuado, nin o despregue de servizos públicos, aínda que fose priorizando a vila, foron ou son prioridades de goberno para o Partido Popular.

Así as cousas, no inicio de mandato da nova lexislatura, o Presidente Rueda anunciou que financiaría a construción, mellora ou ampliación dunha vintena de equipamentos sociais municipais destinados á atención aos maiores. Este anuncio é o cumprimento tardío dun compromiso que comezou hai dous anos coa sinatura dun acordo marco coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e non resolve a falta de oferta e de impulso propio do goberno galego, que é en última instancia o posuidor das competencias, malia o seu empeño en derivalas ás administracións locais.

Ao abeiro desa orde de axudas prevense actuacións na comarca, en Avión e Carballeda, que en ningún caso supoñen a construción dalgunha nova residencia de xestión pública e da Xunta e que tampouco contemplan necesidades elementais como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumentar suficientemente a rede de centros de día nin fornecer duns servizos mínimos á capital de comarca. Polo tanto, as necesidades continúan a ser imperiosas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai impulsar o goberno galego a construción dalgún centro de día ou residencia, de xestión propia, pública e directa na comarca do Ribeiro?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ariadna Fernández González

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2024 13:25:46

Ariadna Fernández González na data 24/04/2024 13:25:51

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2024 13:26:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a a noticia da intención da CTAG de crear un centro de investigación do vehículo eléctrico e híbrido en Portugal e a deslocalización da industria no área de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este mes de abril de 2024 vense de coñecer que o **Centro Tecnolóxico de Automoción de Galiza (CTAG)** ten intención de crear un centro de investigación a través da empresa ISQCTAG (colaboración entre o centro portugués ISQ e o centro galego CTAG) para avanzar no rumbo da innovación no referente ao vehículo eléctrico e híbrido nunha aposta clara polo sector da automoción en Portugal.

Esta *joint venture* creada alá polo 2022, na súa declaración de intereses fai fincapé na promoción e avance na transformación tecnolóxica da automoción portuguesa, na aposta por captar fondos *Next Generation* que beneficien ao desenvolvemento deste sector no outro lado da raia.

Todo isto estase dando nun contexto no que a deslocalización da industria da área de Vigo esta a supoñer unha das grandes problemáticas deste sector económico no que debería ser o pulmón produtivo do país. Os últimos datos falaban de que máis de 500 empresas xa tiñan trasladado producións cara Portugal dende a Galiza, o que supoñen preto de 7000 empregos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Este panorama de desprazamento dos centros de produción e procesos cara o país veciño non son máis que a materialización do absoluto abandono que a Xunta de Galiza leva practicando coa industria da área de Vigo. Xa abonda que a goberno galego non asuma as súas responsabilidades en materia de industria na cidade de Vigo. É preciso que se aposte por proxectos de características similares aos que está a desenvolver a Rexión Norte de Portugal para a área de Vigo.

Proxectos como o anunciado, no que a CTAG, un centro tecnolóxico galego, aposta por dotar dun investimento de 6,3 millóns de euros para o desenvolvemento de preto de 2000 metros cadrados de investigación divididos en dúas actividades principais, unha centrada en tecnoloxía óptica e outra centrada nos compoñentes de baterías. Mentres tanto a automoción galega e a área de Vigo seguen a perder oportunidades que fagan este sector máis competitivo para que xeren emprego estable, duradeiro e con condicións dignas na área.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para poñer fin á deslocalización no sector da automoción no área de Vigo?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/04/2024 13:54:05

Carmela González Iglesias na data 24/04/2024 13:55:09

Alexandra Fernández Gómez na data 24/04/2024 13:55:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Alexandra Fernández Gómez, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta comprometer un plan de acceso á vivenda pública até final de lexislatura na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, sinala que lle corresponde á Administración Pública impulsar accións, plans e programas orientados a favorecer o acceso á vivenda.

Con esa finalidade esa mesma lei habilita as Administracións Públicas para impulsar a posta no mercado de vivendas en alugueiro, sinalando como obxectivo prioritario a mobilización de vivendas baleiras. Sen embargo, a Xunta leva anos sen aplicar medidas efectivas para a mobilización de vivenda baleira.

O expresidente da Xunta de Galiza presentou en rolda de prensa o actual “Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025” que viña substituír o anterior programa “Rehavita, Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015- 2020”.

Dende o grupo do Bloque Nacionalista Galego estamos convencidos de que as políticas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise. Cremos que o novo programa de vivenda non pode deixar de lado o actual contexto e que é necesaria a súa reformulación na procura de novas solucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O continuísmo do novo programa, con medidas e un enfoque que xa se demostraron un fracaso, só pode agravar a falta de mecanismos para achegar, no novo ciclo que se abre, respostas eficaces. As políticas recicladas do novo plan xa se demostraron ineficaces para garantir o acceso á vivenda e para intervir, reordenar e reequilibrar o parque inmobiliario.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de quince anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública vémosto na cidade da Coruña.

Os datos do IGE referidos a decembro de 2021 conclúen que A Coruña é a terceira cidade con maior porcentaxe de fogares con dificultades para chegar a fin de mes, sendo tamén a terceira máis alta canto á taxa de risco de pobreza.

Un dato aínda máis significativo por preocupante é que 11.530 hogares coruñeses teñen moita dificultade para chegar a fin de mes, o 11% fronte ao 8% da media galega, isto é, a taxa máis alta entre os sete municipios galegos de maior poboación.

As entidades de axuda social explican que son precisamente as graves dificultades de acceso á vivenda as que representan o principal factor de exclusión social na Coruña pola falta de oferta de vivenda social e a imposibilidade de acceder a un alugueiro debido aos elevados prezos que non deixan de subir, o que obriga, en moitos casos, a destinar o 100% dos ingresos ao pagamento do alugueiro quedando descubertas necesidades básicas como a alimentación, o vestido, o calzado ou o material escolar.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que porcentaxe da vivenda protexida prevista a desenvolver nesta lexislatura na Coruña vai ser de promoción pública en aluguer?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/04/2024 15:50:53

Alexandra Fernández Gómez na data 24/04/2024 15:50:58

Mercedes Queixas Zas na data 24/04/2024 15:51:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A coordinadora FIOU (Facultativos Independentes de Ourense) que aglutina máis de 400 facultativos e farmacéuticos da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras co apoio das organizacións sindicais e do colexio de médicos de Ourense iniciaron un calendario de mobilizacións en febreiro deste ano que se manteñen un día á semana na porta principal do novo bloque do CHOU.

Esixen unha sanidade digna e denuncian que arrastran moitos anos de mala xestión por parte da xerencia, déficit de contratacións, con moitas xubilacións e unha falta de planificación das necesidades de persoal sobre todo nunha área tan envellecida como é a de Ourense.

Así mesmo, denuncian a precariedade do persoal sanitario de todas as categorías que aínda non se puido recuperar do gran esforzo da pandemia.

Solicitan realizar o seu traballo en condicións dignas porque iso repercute directamente en beneficio na atención dos doentes.

A problemática máis grave encontrámola nos servizos de Urxencias, Oftalmoloxía, Rehabilitación, UCI e Atención Primaria onde o cadro profesional traballa ao 200 %, unha situación que non se pode manter no tempo.



Os profesionais coinciden en sinalar que están atravesando unha situación crítica desde xaneiro do ano 2023, e que a Dirección do Sergas é coñecedora desta situación.

Ademais, o persoal de enfermaría e auxiliares da unidade de coidados intensivos do hospital de Ourense veñen reclamando que o Sergas arranxe as deficiencias materiais das novas instalacións que ocasiona a falta de visión dos doentes desde o control de enfermería e reclaman a quinta enfermeira, pero o Sergas fai caso omiso destas xustas reivindicacións. Nesta unidade estanse a realizar contratos de dous en dous meses, o que imposibilita afianzar profesionais nun servizo tan complexo e poñendo en risco a calidade da atención.

Tamén o servizo de rehabilitación está desbordado onde a media de espera de máis de 6.600 persoas era de 284 días, significativamente superior ao resto de hospitais e áreas sanitarias de Galicia. A Consellería de Sanidade tampouco dá resposta a esta problemática.

A coordinadora Facultativos Independentes de Ourense denuncia así mesmo unha falta de empatía a nivel humano por parte da xerencia na área e de Primaria, ademais dunha falta de busca organizada de máis persoal.

Ante esta situación crítica o Grupo Parlamentario Socialista considera urxente abordar a situación da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras que se encontra con catro servizos ao bordo do colapso.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego da situación de colapso que padece a área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras que denuncian a coordinadora



Facultativos Independentes de Ourense, as organizacións sindicais e o colexio de médicos de Ourense?

Parlamento de Galicia, 24 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/04/2024 13:45:03

Elena Espinosa Mangana na data 24/04/2024 13:45:14

Silvia Longueira Castro na data 24/04/2024 13:45:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre saúde mental e mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após anos de políticas de recortes e precarización do Partido Popular, a sanidade pública vive hoxe unha situación límite. Lonxe de reaccionar, o goberno galego continúa sen reforzar o sistema sanitario e afonda no desmantelamento da atención primaria, negando o dereito á saúde da cidadanía e acabando con servizos fundamentais.

No relativo á saúde mental, a situación é aínda máis dramática. Desde a pandemia e segundo datos da Sociedade de Psiquiatría Infantil, os suicidios e as autolesións multiplicáronse por catro en crianzas e adolescentes. No pasado mes de febreiro, a sociedade galega, en especial a viguesa, sufría a conmoción de coñecer que dous mozos se suicidaran ao se precipitaren desde o ascensor Halo da cidade olívica.

Así, o desenvolvemento dun sistema de saúde mental potente cunha maior dotación de profesionais e recursos é esencialmente necesario nesta conxuntura. Na actualidade Galiza conta aproximadamente cunha media de 3,5 psicólogas clínicas por cada 100.000 habitantes, mentres que a media na Unión Europea é de 18. A lista de espera para a primeira consulta especializada é de meses e nun contexto de crise e precariedade o benestar físico e psíquico convértese nun luxo inaccesíbel para a mocidade do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Constatamos ademais como se saturan espazos alternativos que ofrecen atención psicolóxica á xente moza, dada a escaseza de recursos do sistema público. Aconteceu por exemplo na unidade de atención creada na USC a raíz da pandemia, que en moi pouco tempo funcionando recibiu centos de consultas do estudantado.

A falta de recursos na sanidade pública leva irremediabilmente a buscar solucións alternativas na privada, facendo que so aquelas familias cunha boa posición económica poidan ter un tratamento axeitado para os problemas de saúde mental. É polo tanto un reflexo máis de como se está a fomentar a desigualdade das clases populares, impedindo o acceso a un ben tan básico como a nosa saúde.

Desde o BNG cremos que é indispensable dotar o sistema dos recursos e profesionais necesarios, que garantan un futuro para a sanidade pública así como normalizar as experiencias das persoas con alteracións psíquicas para incluílas na sociedade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que actuacións levará a cabo a Xunta na presente lexislatura para mellorar a situación no relativo á saúde mental da mocidade en Galiza?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 24/04/2024 17:53:51

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2024 17:53:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Suárez Fernández e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reposición dos trens nocturnos Monforte-Barcelona.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os trens-hotel nocturnos entre Monforte e Barcelona, antes de seren suprimidos polo goberno español durante a pandemia, ofrecían un servizo ferroviario de grande utilidade para as comarcas do sur de Lugo, nomeadamente para a localidade de Monforte. A grande emigración que viviron e viven os concellos da contorna de Monforte provocou que moitas persoas teñan familia emigrada en Cataluña. É por este motivo que a poboación de Monforte e arredores viña reclamando desde hai tempo a reposición deste servizo ferroviario para moitos esencial, xa que, para alén diso, o tren sempre foi un elemento dinamizador no social e no económico para a localidade monfortina.

O ferroviario debe ser o futuro do transporte. Trens eficientes, con liñas e horarios suficientes e a prezos asumibles debe ser a clara aposta dos gobernos, algo que xa comprenderon noutros países europeos onde o tren é a primeira opción de transporte para boa parte da poboación. No caso dos trens nocturnos entre Monforte e Barcelona, este era uns dos poucos servizos ferroviarios do estilo que podía desfrutar a poboación dunha zona demograficamente castigada como é o sur de Lugo. Existe, aliás, un compromiso de Renfe, asinado no ano 2021, para a recuperación progresiva dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos suprimidos ao longo da pandemia da Covid-19. En concreto do tren nocturno entre Monforte e Barcelona non se volveu saber máis nada.

Ademais, a poboación de Monforte e arredores xa mostrou a súa vontade no relativo á reposición deste servizo con múltiples mobilizacións simultáneas en Monforte e na estación de Sans en Barcelona e coa recollida de cerca de 3.000 sinaturas.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que non negociou o Goberno galego co Estado a reposición dos trens nocturnos entre Monforte e Barcelona desde a súa supresión na pandemia?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 24/04/2024 19:07:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 24/04/2024 19:07:08

Luis Bará Torres na data 24/04/2024 19:07:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, respecto das razóns do goberno galego para rebaixar o nivel da área de loita a prol da igualdade e contra a violencia machista e reestruturar ese ámbito de traballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A igualdade e a loita contra a violencia machista deben ser prioridades da acción de goberno para conseguir unha sociedade na que todas as mulleres sexamos libres, iguais e vivas. Galiza, en desenvolvemento das obrigas recollidas no artigo 4 do Estatuto de autonomía, impulsou diferentes mecanismos legais, administrativos e de todo o tipo para avanzar neste ámbito.

En 1994 constituíase a Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de, podemos salientar a aprobación da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres, que foron refundidas e harmonizadas polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, modificado pola Lei 13/2021, do 20 de xullo, e que vén ser substituído pola lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza. Así mesmo, a lei Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada nos anos 2016 e 2021, segue a ser unha referencia internacional canto ao desenvolvemento do cumprimento do Convenio de Istambul.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No anterior mandato o goberno artellou, como viña sendo habitual, unha Secretaría Xeral da Igualdade da que dependían a Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade e máis Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero. Porén, pola información que foi dando a coñecer o goberno galego, neste mandato a decisión do Presidente Rueda é a de rebaixar o rango desta área dunha Secretaría Xeral a dúas Direccións Xerais, dividindo igualdade e violencia de xénero.

Nun contexto de cuestionamento público e político da necesidade de avanzar en igualdade por parte de diferentes partidos e institucións, calquera rebaixa do rango das áreas que xestionan e impulsan todo o que ten que ver con este ámbito é un movemento que debe ser explicado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as decisións do goberno galego para rebaixar o rango da área responsable de igualdade e violencia machista no seu goberno?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Oscar Insua Lema

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/04/2024 10:17:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/04/2024 10:17:14

Óscar Insua Lema na data 25/04/2024 10:17:46





Á Mesa do Parlamento

Carmen María Pomar Tojo, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez, Marta Mariño Regueiro, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trenor López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O pasado mes de abril, o pleno do Parlamento Europeo acolleu o debate sobre o informe relativo ao Regulamento sobre a Prevención das perdas de granza de plástico para reducir a contaminación por microplásticos, que obtivo un amplo respaldo da Cámara.

Cómpre destacar que o texto final do Parlamento inclúe o transporte marítimo dos péllets, tal e como viña pedindo nos últimos meses o Grupo Parlamentario Popular europeo. Polo que, grazas a este esforzo dos eurodeputados populares, por primeira vez a Unión Europea vai contar cunha regulación específica sobre a perda de péllets no mar.

De feito, o recente episodio do Toconao en augas do Atlántico, no que destacou a xestión da Xunta de Galicia, puxo de manifesto a conveniencia de que o transporte marítimo dos péllets fose incluído no ámbito de aplicación do novo Regulamento europeo.

E neste sentido foron redactadas as emendas presentadas polo Partido Popular Europeo, que finalmente foron tidas en conta, o que permitiu enriquecer a proposta orixinal da Comisión Europea. O que permitirá, deste xeito, endurecer as condicións de transporte destes plásticos co obxectivo de impedir ou limitar a súa capacidade para producir incidentes.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en Pleno:

1. Cal e valoración da Xunta de Galicia sobre a inclusión do transporte marítimo de pellets no regulamento europeo sobre a prevención de perdas de granzas de plástico?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2024 10:37:16
Nº Rexistro: 2498
Data envío: 25/04/2024 10:37:16.679

Carmen Pomar Tojo na data 25/04/2024 10:32:50

María Deza Martínez na data 25/04/2024 10:32:55

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/04/2024 10:33:26

Roberto Rodríguez Martínez na data 25/04/2024 10:34:49

Marta Mariño Regueiro na data 25/04/2024 10:35:33

Patricia García González na data 25/04/2024 10:35:37

Dolores Hermelo Piñeiro na data 25/04/2024 10:36:07

Raúl Santamaría González na data 25/04/2024 10:36:11

Gonzalo Trenor López na data 25/04/2024 10:36:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-mXB4MAKP-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrancia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de que a Xunta e o PP celebrasen a bombo e prato a sentenza do Tribunal Supremo sobre a prórroga concedida a ENCE nos terreos de dominio público marítimo terrestre, deuse a coñecer a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrancia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre. O texto da comunicación fai referencia a concesións para restaurantes, empresas papeleiras ou químicas en espazos do dominio público marítimo terrestre sen levar a cabo procedementos abertos e transparentes.

Segundo un comunicado feito público pola Comisión Europea, a prórroga das concesións existentes por un período de até 75 anos sen xustificación “é contraria ás normas da Unión Europea”. Segundo esta comunicación, “A Comisión decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non garantir un procedemento de selección transparente e imparcial para a adxudicación de concesións relativas a zonas costeiras”. Segundo diversas fontes, podería darse unha vulneración da Directiva de Servizos da UE, pola duración excesiva das concesións e por non estar garantida a libre concorrancia. Neste sentido, a prórroga prevista na reforma da lei de Costas de 2013





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constituirla unha renovación automática para o seu actual titular o que lle outorga unha vantaxe que é contraria ao espírito e á letra da Directiva.

A apertura do procedemento de infracción reabre o debate en relación con ENCE, que se pode enfocar desde dous puntos de vista

-A legalidade/ilegalidade do procedemento para o outorgamento da prórroga, que seguirá sendo obxecto de controversia e de sucesivos procedementos legais.

-A idoneidade do seu emprazamento en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar). Nesta non idoneidade concorren razóns ambientais (condicionamentos do cambio climático e da calidade do medio urbano), urbanísticas (desenvolvemento urbano ordenado e sustentábel dos concellos de Pontevedra e Marín) e de ordenación do territorio e do litoral, tanto no que ten a ver coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio como co previsto na Disposición Adicional Terceira do POL. E a maior abundamento, hai que ter en conta as previsións do Anteproxecto de lei de Ordenación do Litoral, no que non ten cabida nin xustificación a permanencia de ENCE no seu actual emprazamento.

Contra o argumento falaz da imposibilidade de traslado da fábrica existen moitos argumentos de peso

1º Non existe ningunha fábrica de pasta de Celulosa na península Ibérica que estea en terreos de dominio público marítimo terrestre, polo que o caso de ENCE en Lourizán é absolutamente excepcional.

2º Os informes recabados por ENCE segundo os cales non hai en Galiza terreos con aptitude para acoller a fábrica están sesgados xa que só comtemplan a opción de instalación nun parque empresarial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º Actualmente estanse tramitando en Galiza proxectos industriais con necesidades de terreo e captación de auga semellantes ás que ten a planta de ENCE.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que implicacións considera o goberno galego que pode ter o procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrência pública nos procedementos de autorización de concesións no dominio marítimo terrestre nas concesións do complexo mar industria alimentario galego e en instalacións industriais como a de ENCE en Lourizán?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Rosana Pérez Fernández
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/04/2024 10:52:05

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 10:53:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 10:53:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** en relación coas vías que vai explorar a Xunta para acadar as competencias en relación coas funcións e servizos en materia de ordenación do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A “Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor” da lei de xestión integrada do litoral establece o seguinte

“Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o establecido no artigo 48.1 respecto do exercicio das competencias autonómicas para o outorgamento das autorizacións e das concesións do dominio público marítimo-terrestre, do que a entrada en vigor queda supeditada á publicación do real decreto de traspasos de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia”.

O artigo 48.1 establece o seguinte:

Artigo 48. Autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre

1. Respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e as concesións do dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellarías competentes en materia de ordenación do territorio ou do mar, segundo proceda, no momento en que se produza o efectivo traspaso das funcións e dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

O BNG mantén diferenzas importantes co contido da lei do litoral, e considera que ten aspectos negativos desde o punto de vista ambiental, urbanístico, de ordenación do territorio e de aproveitamento sustentábel dos recursos naturais.

De todos xeitos, sempre defendemos as competencias estatutarias en materia de xestión e ordenación do litoral, unhas competencias que para ser efectivas precisan da transferencia das funcións e servizos en materia de ordenación do litoral.

A demanda destas competencias xa aparecía recollida nun informe aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2009, mais logo de 15 anos o balance de novas competencias asumidas por Galiza é cero.

Despois da recente sentenza do Tribunal Constitucional que rexeita o recurso de inconstitucionalidade do goberno central contra a lei galega do litoral, cómpre que se exploren todas as vías e se inicie a negociación para o traspaso a Galiza das citadas competencias, de maneira que se poidan exercer as máximas atribucións relacionadas co mar, a costa e as actividades marítimo-pesqueiras, principalmente aquelas que teñen a ver coas autorizacións e as concesións do dominio público marítimo-terrestre.

Sen estas competencias, todos as expectativas creadas pola Xunta en relación coas citadas autorizacións e concesión serán papel mollado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vías vai explorar a Xunta para conseguir a transferencia das funcións e servizos en materia de ordenación do litoral?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Rosana Pérez Fernández
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/04/2024 11:07:08

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 11:08:04

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 11:08:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonso, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesaria actuación proactiva do goberno galego ante o cambio de paradigma na demanda turística provocado polo cambio climático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego leva anos insistindo nun modelo turístico que impide xestionar e aproveitar os moitos recursos que neste eido ten Galiza. Un modelo “xacobeo-centrista”, que bate de fronte cos principios de diversificación e sostibilidade que deberen rexer un modelo turístico respectuoso coas comunidades locais receptoras, que mellore a conectividade interior e exterior, ao tempo que xere emprego estable e non precario.

Alén dos efectos e externalidades negativas provocadas por esa concepción limitada e limitante do turismo que ten o Goberno galego do Partido Popular (que desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos denunciando), a industria do turismo galego pode enfrontarse a medio-longo prazo a unha tensión considerable e crecente debido ao cambio climático.

É un feito constatado que as condicións climáticas afectan de xeito importante á demanda turística. Hai un claro patrón norte-sur nos cambios da demanda turística, coas rexións do chamado “norte” beneficiándose deses cambios no clima, mentres o “sur” afronta reducións significativas na demanda turística.



De momento, os grandes destinos “clásicos” do litoral seguen á cabeza na facturación por actividade turística, pero xa se observan cambios na tendencia: é certo que medra a facturación, por exemplo, na Illas Baleares (incrementan un 26%, datos Exceltur) pero ocupan o segundo e terceiro posto Asturias e Euskadi. Galiza, aínda que lonxe dese incremento, sitúase xa por riba do 15% de incremento de facturación.

Se o cambio climático vai influír decisivamente nos fluxos turísticos, debemos estar preparados. Este cambio de paradigma pode constituír unha oportunidade para a industria turística galega, pero fai imprescindible, ao tempo, afrontar o cambio de modelo actual. A sostibilidade (real), a diversificación da oferta e a desestacionalización deben ser o obxectivo da acción da política turística da Xunta de Galiza. Alén dun necesario proceso de decantación que nos permita elixir o perfil turístico do visitante: calidade fronte a cantidade.

De non facelo, este cambio de paradigma motivado polo cambio climático acabará por afondar nas externalidades negativas do modelo turístico fomentado polo Partido Popular nos seus anos de goberno e que xa se manifestan no noso país: masificación en zonas costeiras e unha xentrificación que amosa as súas consecuencias máis evidentes en Santiago de Compostela.

Evitar que ese cambio de tendencia e fluxos turísticos motivado polo cambio climático agudice os problemas asociados ao actual modelo esixe planificación por parte do goberno galego. E para esa planificación é imprescindible ter unha “foto completa” da situación actual: información e coñecemento da realidade do sector.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De que xeito pensa evitar o Goberno galego que o máis que probable cambio de tendencia e fluxos turísticos motivado polo cambio climático agudice os problemas asociados ao actual modelo turístico?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 25/04/2024 11:23:21

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/04/2024 11:24:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos o persoal de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense vén denunciando a falta de persoal e a saturación do servizo, situación que empeorou desde a pandemia ata estes momentos e que ten denunciado reiteradamente o Colexio de Médicos de Ourense.

A maiores dos problemas comúns coas demais áreas sanitarias, hai que sinalar que no caso do CHUO as e os profesionais e colexios médicos denuncian que se arrastran anos de déficit de contratacións, a sucesión de xubilacións e un aumento da demanda tanto pola situación de atención primaria como polas características da poboación, pois é preciso recordar que Ourense é a zona do Estado con maior porcentaxe de maiores de 65 anos, o que aumenta potencialmente as necesidades derivadas do avellentamento e da pluripatoloxía das e dos cidadáns.

A todo isto súmanse dificultades cada vez máis patentes para atraer persoal e para retelo, como vimos de ver coas prazas MIR vacantes. Esta situación, para alén doutros condicionantes, dáse con máis intensidade tanto pola situación da área sanitaria e a política laboral do SERGAS como pola situación socioeconómica desta parte do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

país, ao seren prazas menos atractivas e non estar a aplicarse ningún tipo de estímulo ou estratexia favorecedora da captación de talento.

Nas últimas semanas as e os profesionais do servizo están mobilizándose de novo ante a grave situación. Esta situación non é nova, pois cabe lembrar que ao longo de 2021, 2022 e 2013 foron numerosas as mobilizacións do servizo e que tamén se ten posicionado publicamente a a Comisión de Centro do Complexo Hospitalario de Ourense, toda vez que se cronificou a sobre carga da pandemia.

As e os profesionais levan doce semanas consecutivas saíndo ás portas do centro hospitalario e doutros centros sanitarios para denunciar a falta de personal, convocados pola coordinadora de facultativos FiOu. Na actualidade están a funcionar con menos da metade do cadro de persoal e mesmo recorrendo a médicos e médicas doutras áreas sanitarias. Por outra banda, estanse a incumprir as condicións laborais e de seguridade laboral que deberían operar, pois segundo denuncian as e os profesionais, no servizo de Urgencias o persoal médico está facendo máis de 200 horas de traballo ao mes, cando o máximo legal son 190 horas mensuais, habendo mesmo profesionais que superan as 250 horas de traballo nun mesmo mes.

O sistema sanitario non pode depender da sobreexplotación dos seus recursos humanos e é absolutamente prioritario unha boa dotación do hospital da terceira cidade de Galiza, que actúa para moitos ámbitos como hospital para máis de 300.000 persoas para cuestións que non se poden atender en Verín ou Valdeorras. Por estes motivos, é necesario que o goberno galego tome medidas relativas á situación do servizo de urxencias do CHUO denunciada polos profesionais sanitarios de cara a reforzar o servizo e os cadros de persoal.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar que as urxencias hospitalarias de Ourense sigan funcionando coa metade do persoal preciso?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/04/2024 11:41:48

Iria Carreira Pazos na data 25/04/2024 11:41:55

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/04/2024 11:42:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García, Iago Suárez Fernández, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a axilización da resolución dos procedementos nos partidos xudiciais de Monforte, Chantada, Viveiro e Sarria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estatística publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial correspondente ao ano 2023 evidencia a extraordinaria carga de traballo que, soportan, entre outros, os xulgados de diferentes partidos xudiciais de Lugo.

Segundo os datos rexistrados polo CXPX o número de asuntos ingresados civís ingresados nos xulgados de primeira instancia e instrución de Monforte de Lemos, Chantada, Sarria e Viveiro exceden en máis dun 30% do módulo máximo establecido polo órgano de goberno da xudicatura para asuntos desta xurisdición. O ingreso de asuntos civís no ano 2023 nos xulgados de Sarria ou Chantada foi superior aos 900, e nos de Viveiro aos 1.000, cando o baremo aprobado en 2018 fixa en 680 o número máximo de asuntos de esta natureza que pode soportar un xulgado de primeira instancia e instrución.

Esta situación lonxe de ser episódica ou obedecer a razóns conxunturais vese repetida no tempo, pois na práctica totalidade dos partidos xudiciais indicados o ingreso de asuntos de carácter civil no ano 2022 excede con moito o número máximo establecido polo CXPX.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia do importante volume de asuntos ingresados, e a pesar do extraordinario esforzo das traballadoras da administración de xustiza, resulta que o número de asuntos pendentes nestas unidades xudiciais exixiría, cando menos, dun ano enteiro sen entrada de ningún asunto novo para eliminar os asuntos pendentes. Existindo casos como o de Sarria, que nin sequera iso sería abondo para resolver a carga de traballo pendente.

O número de asuntos pendentes ao finalizar o ano 2023 na sección civil dos xulgados de Monforte, Sarria, Chantada ou Viveiro é notablemente superior á media de unidades xudiciais análogas de Lugo e de Galiza. Así, mentres que en Galiza a media de asuntos pendentes na seccións civís dos xulgados de primeira instancia e instrución é de 547 asuntos, e en Lugo é de 494, en Sarria había 880 asuntos en tramitación, en Viveiro 788, en Chantada 684 ou en Monforte 613, sen contar os que atinxen á violencia sobre a muller.

Ben sabido é que unha Xustiza lenta non é xusta, e numerosos son os casos nos que a demora na resolución dos procedementos provoca a ineficacia das decisións xudiciais e a falla de satisfacción das interesadas, mesmo cando se trata de asuntos que pola súa transcendencia atinxen á sociedade no seu conxunto.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto realizar o Goberno Galego nos partidos xudiciais de Monforte de Lemos, Chantada, Sarria e Viveiro para atender a elevada carga de traballo e pendencia que soportan estes Xulgados?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Iago Suárez Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/04/2024 12:22:37

Daniel Castro García na data 25/04/2024 12:22:46

Iago Suárez Fernández na data 25/04/2024 12:23:40

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/04/2024 12:23:42

Olalla Rodil Fernández na data 25/04/2024 12:24:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á seguridade no porto de Malpica de Bergantiños.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal, o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, prognosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

Até o de agora, tres anos despois dese anuncio, e máis de cinco anos do tráxico accidente do Silvosa, non se realizou ningunha actuación de entidade tendente a resolver os problemas de seguridade deste porto.

Malia que o proxecto de mellora da dársena é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade, e malia os anuncios de Portos de Galiza, nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2023 e 2024 non se recolleu ningunha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai acometer a medio-curto prazo.

Nunha das últimas comparecencias en sede parlamentaria da que foi Presidenta de Portos de Galiza, Susana Linguas, para responder a unha serie de preguntas deste grupo sobre o estado dos estudos de ondadas no interior da dársena, da fase na que se atopaba o proxecto de mellora da seguridade no porto e a previsión temporal para a súa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución, a alto cargo de ente autonómico anunciou o remate dos estudos, que se barallaban diferentes opcións para a mellora da seguridade na dársena e que xa había liñas de traballo en marcha.

Ese anuncio tivo como único efecto práctico que o ente autonómico puxese en común coa Confraría de Malpica tres posibles opcións de proxecto de mellora. Porén, nos orzamentos da Xunta de Galiza do 2024 nin se recolleu partida específica algunha para licitar a redacción do proxecto.

Desde decembro até o de agora, nada se comunicou por parte de Portos de Galiza en relación á mellora da seguridade na dársena de Malpica. Tampouco, tras a reunión mantida polo alcalde malpicán co novo presidente do ente autonómico, nada se comunicou sobre esta cuestión agás que “ se estaba estudando”.

Para que o anuncio desas tres posibles actuacións no porto sexa crible, é imprescindible que se inicie o procedemento de licitación do proxecto e que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2025 se recolla unha partida específica e con dotación suficiente para a execución da primeira fase da obra.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego iniciar no ano 2025 a execución do proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica de Bergantiños?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Pérez López**
Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 25/04/2024 12:38:07

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 12:38:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre procedemento aberto pola Comisión Europea a España por incumprimento da normativa europea na ampliación da concesión da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. No mes de setembro de 2021 a Comisión Europea incoou un procedemento ao Estado español sobre a ilegalidade das prórrogas concedidas a AUDASA para a xestión da AP 9, xa que non se respectou o procedemento comunitario en materia de contratación pública e concesións administrativas.

- A primeira prórroga, de UCD en 1977, supuxo a ampliación da concesión en 1 ano, de 2012 a 2013

- A segunda, do PSOE en 1994, ampliou a concesión en 10 anos, até 2023.

- A terceira, do PP no ano 2000, prorrogou a concesión por 25 anos máis, até o 2048.

A comunicación da Comisión Europea, en resposta a unha denuncia da asociación En Colectivo, pon de manifesto a actuación irregular do goberno español coa adopción de decisións que favoreceron os intereses da empresa concesionaria e supuxeron un grave perxuízo para as persoas usuarias e para a economía galega.

Este caso conta xa co precedente dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que ditaminou en 2019 que Italia ampliou a concesión dunha autoestrada á “Società Autostrada Tirrenica” sen iniciar previamente un procedemento de licitación, infrinxindo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Directiva 2004/18/CE sobre contratación pública. No caso das prórrogas concedidas a AUDASA en 1994 e 2000, tamén se incumpiron as normas de contratación pública da UE, nomeadamente a Directiva 93/37/CEE.

AUDASA -empresa privatizada polo goberno do PP en 2003- obtivo ingresos de máis de 3.000 millóns de euros e máis de 1000 millóns de beneficios desde o inicio da concesión. E prevé beneficios de arredor de 1.500 millóns de euros até o ano 2048. Todos estes feitos poñen en evidencia a aldraxe e o agravio da AP 9, tantas veces denunciado polo BNG.

Mentres isto ocorre, outras autoestradas da mesma época que a AP9 remataron ou van rematar dentro de pouco tempo o seu período de concesión, de maneira que pasan a ser gratuítas. Un exemplo claro do trato discriminatorio do goberno central con Galiza, compartido por gobernos dunha e outra cor.

2. Recentemente, a Comisión Europea volveu abrir o procedemento de infracción sobre a ampliación do prazo de concesión en dúas autoestradas, unha delas a AP 9.

Tendo en conta as irregularidades sinaladas pola Comisión Europea, chama a atención a actitude do goberno central, que teima en defender unha actuación claramente contraria á normativa europea. E causa tamén asombro a reacción do goberno galego, que por un lado xustifica a prórroga e por outro non aproveita esta vía para lograr o rescate da concesión.

Para o BNG estamos diante dunha oportunidade de ouro para poñer fin á estafa das peaxes abusivas, e ao agravio que sofre Galiza en materia de autoestradas de peaxe. Un agravio acrecentado polo veto das forzas do bipartidismo á transferencia da AP 9 a Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que iniciativas prevé adoptar o goberno galego para contribuír a deixar sen efecto as prórrogas concedidas e lograr a gratuidade da AP9?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/04/2024 12:51:37

Paulo Ríos Santomé na data 25/04/2024 12:51:41

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 12:51:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de habilitar axudas para adquisición de libros de texto e material para familias con alumnado matriculado en cursos afectados polo Programa E-DIXGAL no vindeiro curso escolar 2024/25.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Resolución do 15 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, convócase a selección de centros para participar no proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25. Tendo a posibilidade de incorporar un máximo de 20 centros ao Proxecto Dixital, que terán de prazo para presentar as súas solicitudes (despois de ser aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar) ata o 26 de abril.

O Proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP nace no curso 2021/22 co obxectivo de incorporar as novas tecnoloxías ao sistema educativo e promover así o desenvolvemento da competencia dixital mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Xa na anterior lexislatura o BNG presentara unha iniciativa no Parlamento Galego dando voz ás familias de alumnado afectado por E-Dixgal que se miraban prexudicados ao combinar o material dixital con libros de texto para aquelas materias que non estaban incluídas e non poder optar ás axudas do Fondo de Libros, de xeito que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estaban obrigadas a desembolsar a totalidade do custo ao comezo do curso escolar, xunto co resto do material que na situación económica actual supuña un gasto que nalgúnhas ocasións era inviable asumir, segundo nos facían chegar as interesadas e tamén ás ANPAs e Federacións de ANPAs.

No lugar de modificar esta cuestión para eliminar este claro prexuízo, esta nova Resolución da Dirección Xeral, volta a ser exactamente a mesma que na anterior edición na que se aperturou prazo para engadir novos centros ao Proxecto Dixital.

Para a incorporación dun Instituto de Ensino Secundario ao programa E-Dixgal non se esixe que o dito IES imparta a través deste modelo dixital a totalidade das materias (como sí sucede para os centros de Educación Primaria), senón que só se establece un mínimo de 6 materias, permitíndose polo tanto un modelo mixto que emprega as novas tecnoloxías nalgúnhas materias e o libro tradicional noutras.

Ainda que na convocatoria estipula que non se terán en conta as materias con só unha ou dúas sesións lectivas á semana agás a materia de Segunda Lingua Estranxeira e as de Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía de 3º de ESO, poden quedar outras materias que precisen apoio de material impreso que as familias deban adquirir.

Sería de esperar que, pouco a pouco, os diferentes departamentos que rexeitaron o uso de E-Dixgal foran incorporándose tamén ao dito programa para ir reducindo as materias fóra do mesmo e polo tanto o número de libros de texto que deben mercar as familias, pero a realidade non é esa e o custe dos mesmos é considerable.

Esta situación está ocasionando unha discriminación para estas familias en comparación co alumnado que non está incluído en E-Dixgal na etapa secundaria, xa que o Fondo Solidario de Libros de Texto exclúe explícitamente o Programa E-Dixgal para poder optar a esta axuda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Programa E-Dixgal ben implementado é unha ferramenta positiva ao alcance de todo o alumnado, que pode axudar a promover a educación e a romper a fenda dixital existente en moitas familias. Polo tanto, dende a Consellería de Educación deben impulsar este Programa pero permitindo tamén o uso do Fondo Solidario de Libros de Texto para evitar unha discriminación económica entre o alumnado e as súas familias.

Son os centros e o profesorado os que teñen a potestade da aplicación dos criterios pedagóxicos que definen a decisión de qué materias están incluídas en E-Dixgal e cales non. Pero esa decisión dalgunha maneira debera ter en conta a repercusión nas familias e no alumnado, sobre todo, para que non cause un desequilibrio na distribución equitativa dos recursos educativos. Para iso, este alumnado non pode estar excluído nas bases do Fondo Solidario de Libros de Texto, aínda que sexa para poder optar a unha parte proporcional dos necesarios, en igual medida que o resto do alumnado.

Polo tanto, esta exclusión é discriminatoria, e incumpre o principio dunha educación pública e gratuíta de calidade, fronte ás vantaxes do programa E-Dixgal, que contribúe a reducir a fenda dixital, e precisamente fala do aforro económico que debería supoñer para as familias. A exclusión total do fondo solidario de libros de texto aumenta a fenda económica nas familias con menos recursos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Qué medidas vai tomar a Consellaría de Educación para o vindeiro curso escolar que permita rectificar a discriminación para as familias afectadas polo Programa E-Dixgal: Implementar a gratuidade de libros de texto universal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2024 13:12:37

Cristina Fernández Davila na data 25/04/2024 13:12:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a posta en marcha dun Plan de Reactivación Industrial e Produtivo da Comarca de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo e a súa área levan sendo historicamente un motor económico e produtivo de Galiza, onde a industria xoga un papel fundamental como tractor da súa economía.

O sector industrial na cidade chegou a representar o 27% do PIB, onde empregou a unha grande parte dos vigueses e das viguesas e, hoxe en día, está en caída libre pola falta dunha política industrial á altura da maior, e máis industrial, cidade do país.

Nesta área que é pulo produtivo do país, cómpre sinalar dous elementos tractores da súa industria. Por unha banda, o sector da automoción, con Stellantis como empresa matriz que emprega a máis de 7000 persoas (un 30% menos do que representaba hai 15 anos) e existe nun ecosistema con preto de 150 empresas auxiliares que lle prestan servizo. Por outro lado o sector naval, noutrora orgullo e identidade dunha cidade, con estaleiros de renome como Barreras, Freire, ou o desaparecido Vulcano, onde o traballo que xeran conxuntamente coa industria auxiliar apenas supera o millar de empregos fronte aos preto de 10 mil que chegou atinxir na primeira década dos anos dous mil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais estes sectores levan experimentando a perda de proxección, competitividade e emprego, todo isto ante a pasividade da Xunta de Galiza, que se nega a exercer as súas competencias en materia industrial e leva os últimos 15 anos botando balóns fóra e tendo como única proposta en materia económica e industrial para a cidade de Vigo a promoción do Xacobeo.

Esta falta de responsabilidade para coa maior cidade do país e a súa comarca déixanos datos tan alarmantes como a destrución na cidade máis de 7000 empregos industriais dende o 2009, que haxa que remontarse a 2008 para celebrar a implantación dalgunha fábrica de automoción ou que o sector naval represente hoxe pouco máis do 10% do emprego respecto a cando o Partido Popular chegou á Xunta.

Estase vendo como cada vez máis empresas deslocalizan factorías, produción e emprego cara Portugal e cara o norte de África, é preocupante como non hai noticias sobre alternativas nin sobre liñas de actuación para garantir que se manteña o emprego na automoción, cando no horizonte de 2035 acabe por se prohibir a venta de automóviles de combustión, e é inxustificable como o emprego que se xera na área de Vigo é cada vez máis eventual e de peor calidade, como así levan denunciando os principais sindicatos do país.

Así mesmo tense constatado, nomeadamente no sector naval de Vigo, a incapacidade do capital privado para desenvolver as enormes potencialidades que neste ámbito ten a bisbarra viguesa, polo que se torna fundamental o despregamento dunha enérxica intervención pública que blinde o futuro do sector industrial, asentando a produción e o emprego no noso territorio.

Cada vez a industria ten menos peso na Comarca de Vigo en beneficio dos servizos, sector que gaña terreo no solo empresarial en polígonos e onde as condicións laborais son peores, o emprego máis precario e a duración dos contratos escasa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante todo isto, é preciso que a Xunta de Galiza asuma as súas responsabilidades en materia industrial, que sexa un actor activo e, que a través do diálogo con sindicatos, patronal, universidades e axentes de cada sector, estableza un plan claro e definido co obxectivo de devolver o peso industrial e o emprego de calidade que permita que a área de Vigo se volva configurar como o potente pulmón produtivo da Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galiza despregar un *Plan de Reactivación Industrial e Produtivo na Comarca de Vigo* mediante o diálogo con sindicatos, patronal, clústeres, universidade e axentes sectoriais que teña por obxectivo, a través dunha enérxica intervención pública, incrementar o peso da industria na área de Vigo até o 25%?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Carmela González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/04/2024 15:59:29

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 16:00:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 16:01:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do sector marisqueiro en Camariñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación de perda de produtividade das rías galegas é unha constante dende hai máis de dez anos, sen que a Consellería do Mar tivese tomado medidas sequera para paliar. Pola contra, os niveis de descenso nas distintas especies, sobre todo de bivalvos, vai en aumento.

Dentro da realidade xeral, chama poderosamente a atención a situación que se está a vivir na Confraría de Camariñas dende hai anos, onde a súa produción xa viña en descenso antes do Covid, mais que cae rotundamente a partir de 2019 e á que, malia os estudos realizados, non se consegue poñerlle remedio.

Así, dunha produción total de bivalvos no ano 2019 de case 37.000 quilos, o descenso é acusadísimo no 2020, cunha produción total aínda non 8.000 quilos, e no ano 2023 a produción apenas supera os 4.000 quilos.

Nomeadamente, o berberecho pasa de ser a especie de bivalvo de maior produción no ano 2019, con 33.700 quilos a caer ata os 19.500 quilos ao ano seguinte e, sorprendentemente, a ter unha extracción de cero quilos no 2021, no 2022 e no 2023. Ocorre o mesmo coa produción de ameixa babosa que, aínda non sendo unha especie de moita produción na Confraría, tamén leva, practicamente dende 2021 con cero quilos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

extracción. E, no caso da ameixa fina e da ameixa xaponesa, o seu descenso máis acusado prodúcese dende o ano 2022.

A falta de recurso, pois, está a afectar gravemente ás máis de 50 persoas que traballan a pé (o último ano xubiláronse xa 13 persoas) e das 25 embarcacións a frote, que suman arredor doutras 50 persoas, que dispoñen de permiso para mariscar e das que só o fan ultimamente un número moi reducido.

A Consellería do Mar é coñecedora da situación e puxo en marcha un estudo no ano 2022 do que, polo de agora, non trasladou aínda as conclusións ao sector. Tamén a consellería permitiu ás mariscadoras traballar o ano pasado en zonas que non estaban dentro da súa concesión para comprobar se alí había algo de ameixa. E estas faenaron en novembro xunto ao paseo de Camariñas e conseguiron sacar toda a cota -2 quilos por persoa- case todos os días, pero non chegou para a última xornada. A agrupación presentou a súa proposta para os plans marisqueiros dos próximos anos e xa fixo constar nas observacións que o recurso que hai nin chega para as dez persoas que están actualmente en activo e menos para o medio centenar que ten o permiso de explotación (pérmex) de a pé, nin tampouco para as embarcacións que teñen opción de traballar no interior da ría e que fai xa moito que renunciaron.

Os mariscadores e mariscadoras da Confraría de Camariñas son moi conscientes do que representan máis de cen postos de traballo para o conxunto da actividade económica da localidade, onde o mar é unha das súas principais fontes de riqueza, e non solicitan outra axuda que non sexa a necesaria para continuar traballando e poder reverter a situación actual. Mais manter a actividade sen apenas ingresos durante anos require outros esforzos que van máis alá do desexo de mantela, necesita do imprescindible reforzo da Administración e de atender a un sector en crise durante moito tempo para evitar que desapareza definitivamente provocando consecuencias nefastas para o futuro das persoas afectadas e tamén para o da economía local.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista dos acontecementos e da preocupación do sector marisqueiro sobre todo neste último ano, e non só en Camariñas, a Consellería publicou en data 1 de febreiro de 2024 a Resolución do 30 de xaneiro de 2024 de concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade da actividade marisqueira mediante a achega de fondos para compensar a minoración dos ingresos económicos percibidos que pon en risco a asunción dos custos básicos da actividade.

A día de hoxe, e desde a publicación da convocatoria, tan só 15 mariscadoras de a pé cobraron a axuda, e as outras 31 mariscadoras seguen esperando dita axuda. Das 25 embarcacións con permex de marisqueo, só cobraron 3 barcos. Este é o escenario de penuria no que se atopa o sector marisqueiro pertencente á Cofradía Virxe do Monte de Camariñas.

O sector marisqueiro entende que poderían traballar as zonas dos bancos marisqueiros, preparalas para poder sementar coa chegada da primavera. Mais para esas accións é fundamental a colaboración, e tamén o apoio, da propia Consellería, quen debера cubrir economicamente eses traballos, ademais de aportar a semente necesaria ou a dotación económica para mercala.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto realizar de carácter urxente a Consellería do Mar para resolver os problemas do sector marisqueiro na ría de Camariñas?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Oscar Insua lema**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/04/2024 16:29:21

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 16:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar pola Xunta de Galiza para mellorar a calidade das augas da ría de Arousa e para impedir que a empresa conserveira Jealsa, de Boiro, siga vertendo á ría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) emitiu unha sentenza na que aprecia indicios de que a empresa conserveira Jealsa, de Boiro, incumpre as condicións da Autorización Ambiental Integrada (AAI), renovada no 2022, e ordena abrir un expediente sancionador.

Xa no 2021, a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña presentara denuncia no Xulgado de Instrucción de Ribeira polas verteduras desta empresa, situada no lugar do Bodión, á ría de Arousa. Unha denuncia na que aseguraba que non consta un “seguemento axeitado” nin o “exercicio de maneira adecuada da potestade sancionadora”.

Agora, a sentenza do TSXG fai referencia a denuncias presentadas dende 2017 e que, agás unha, foron todas arquivadas, malia que a propia Xunta de Galiza recoñeceu nas súas declaracións a existencia dun aliviadoiro que vertía augas residuais non depuradas e que nas inspeccións levadas a cabo no 2023 constatou nas instalacións de Jealsa “as mesmas substancias branco-agrisadas graxentas idénticas ás aparecidas nas praias con ocasión da verteduras denunciadas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta verdadeiramente sorprendente que a Administración que ten as competencias sobre vertidos e a que debe protexer rigorosamente ao medio e ás persoas destas prácticas, no caso de Jealsa reiteradas, non sexa quen xa non só de poñerlles freo senón de actuar de oficio, coa determinación que requiren estes casos, diante das moitas denuncias rexistradas. Pola contra, diante de calquera denuncia, non fai seguimento, arquívaas sistematicamente e non abre os correspondentes expedientes de investigación e moito menos sancionadores.

Despois de anos escoitando ducias de anuncios de distintos responsábeis do Goberno galego sobre a intensificación dos controis dos vertidos ás rías, continuamos aturando cada vez máis accións dese tipo e tamén unha maior deixadez deses propios responsábeis políticos sobre o tema.

As moitas iniciativas deste Grupo Parlamentar ao respecto tampouco correron mellor sorte que as denuncias de particulares, entidades profesionais, ecoloxistas ou veciñais, tamén foron “arquivadas” e desatendidas sistematicamente.

A ría de Arousa acolle unha inmensa riqueza mariña e os profesionais do mar están a vivir unha situación crítica e de profunda preocupación por mor da perda continuada de produción. Non é de recibo, pois, a permisividade e deixadez coa que actúa a Xunta de Galiza, a súa falta de control e a falta de transparencia que envolve calquera episodio de contaminación industrial, nomeadamente os referidos a esta empresa conserveira. E moto menos é de recibo que se poña en maior risco aínda unha actividade e un medio que deberan ser preservados prioritariamente pola Administración competente, que elude unha e outra vez as súas competencias na materia e consinte o deterioro da ría.

Os veciños e veciñas do Bodión, os mariscadores e mariscadoras da ría de Arousa e a cidadanía en xeral non atopan xustificación de ningún tipo a tanto desleixo, a tanta desprotección e a tanto menosprezo nun momento no que o coidado sobre o medio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ambiente require máis atención ca nunca, cando xa se lle veñen adicando miles de euros públicos e cando, paradoxicamente, o Goberno galego permanece impasíbel a prácticas deste tipo que tanto lle afectan.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir a preservación da calidade das augas da ría de Arousa e para impedir que a empresa Jealsa, de Boiro, siga vertendo á ría?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 17:22:04

María Montserrat Prado Cores na data 25/04/2024 17:22:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de tomar medidas urxentes para conseguir o autoabastecemento de semente de moluscos bivalvos que demanda o sector marisqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Do desleixo asombroso que vén amosando a Consellaría de Mar co sector marisqueiro dende hai anos poderíamos citar moitos e graves exemplos. Un deles, que non por vello deixa de ter máxima actualidade e precisa de resposta urxente, é a falta absoluta de interese por termos proxectos e iniciativa propia na produción de semente de moluscos bivalvos que demanda o sector, quen, por desgraza, ten que seguir importando masivamente dende outros países, nomeadamente Portugal e Italia.

Ninguén é capaz de entender como a esta altura, despois de máis de 30 anos da profesionalización do sector marisqueiro, do que dependen miles de persoas no noso país, nos permitamos o luxo de ser cada vez máis dependentes desa importación cando, pola contra, poderíase, e deberíase, non só ser autosuficientes senón mesmo exportar semente de bivalvos.

É unha mostra máis do abandono á súa sorte que padece o sector, da falta dun verdadeiro proxecto para un ámbito principal da nosa economía e para a subsistencia de amplas zonas costeiras, fonte dun importante número de postos de traballo que, no canto de potenciarse e apoiarse dende a propia Administración galega, o único que se fai é deixación de funcións, subvencionar a compra de semente noutras latitudes e desentenderse do que debe ser a principal preocupación da administración pesqueira e marisqueira galega: Desenvolver un proxecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amplio de rexeneración e recuperación das rías, coa produción de semente propia e o autoabastecemento como piares fundamentais dende o principio.

E así, en anos como o actual, onde as condicións climatolóxicas arruinaron unha inmensa parte da produción de marisco das nosas rías, o sector non dispón nin de cría suficiente nin dos medios para facerse coa semente que, precisamente, debe cultivarse nos vindeiros meses para que poda ter certas garantías de medre.

Deste xeito, as confrarías e agrupacións non só se enfrontan a seguir perdendo ingresos e postos de traballo así como á práctica inexistencia de cría por mor do mal tempo que houbo, senón tamén á inoperatividade dunha Consellaría que non é quen de anticiparse aos problemas que xa se prevían: A falta de abastecemento propio e o apoio para conseguir semente suficiente para repoboar os bancos marisqueiros.

É o propio sector quen está a evidenciar que, de novo, a Consellaría non actúa e cando o fai, faino tarde. Máis que nunca, este ano debera ter urxencia en convocar as axudas a tal efecto para que o sector poida planificar a súa actividade, tendo en conta que estamos en pleno período de repoboación e de tratar de asegurar que se leve a cabo co maior éxito posíbel para a recuperación dunha produción que está baixo mínimos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas, urxentes e a medio prazo, vai tomar o Goberno galego para que o sector marisqueiro teña acceso á semente suficiente para repoboar os bancos marisqueiros e ir progresivamente conseguindo o autoabastecemento de semente propia?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 25/04/2024 17:34:12

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 17:34:17

Daniel Pérez López na data 25/04/2024 17:34:27

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 17:34:35

Paulo Ríos Santomé na data 25/04/2024 17:34:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a cesión das vivendas das que é titular a SAREB para uso social na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo, a maior urbe da Galiza, padece un gravísimo problema de acceso social á vivenda. Unha situación derivada do aumento continuado dos prezos do alugueiro que xa atinxe, segundo datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependente da Xunta de Galiza) unha suba do 49,6 % nos últimos dez anos. Esta suba representa de media un incremento de 207€ mensuais e de 2.484€ anuais, un esforzo económico que non acompaña a evolución da capacidade financeira das familias. Feito ao que se engaden o contínuo desprazamento da oferta de vivenda residencial cara a súa explotación turística, que acumula xa 1673 VUT rexistradas no REAT.

A dificultade de atopar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada ademais por un dato moi alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitacións en pisos compartidos xa superan os 300 euros mensuais. Unha situación especialmente alarmante, tendo en conta que a esta fórmula acoden as persoas de menores ingresos e en situación de grave vulnerabilidade social.

Fronte a esta crise de prezos no mercado libre, non existe por parte da Administración Pública unha provisión suficiente de vivenda protexida en aluguer que puidese permitir unha alternativa habitacional máis asequible. Nesta situación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carencia estrutural de parque público de vivendas e ante esta situación de crise de acceso á vivenda, a cesión do parque da SAREB ao IGVS supón un mecanismo áxil e eficaz para incrementar a oferta pública de vivenda.

Se ben descoñécense os datos reais a respecto da cantidade total de propiedades inmobiliarias e a súa tipoloxía das que é titular a SAREB na cidade de Vigo, nas últimas datas tense anunciado publicamente a intención de poñer á venda por parte desta sociedade, a prezo de mercado, 51 das 155 vivendas que posúe nunha promoción da rúa Aragón, 26 vivendas en Gran Vía e tamén 43 pisos na Privada Moderna, no barrio do Calvario, unha vez se realice a súa rehabilitación.

Se xa non tiña sentido que se pretenda, como parece querer facer o Goberno español, que comunidades autónomas ou concellos teñan que repagar inmobles que xa foron adquiridos a cargo de recursos públicos, moito menos que se poñan á venda a prezos de mercado que poden atinxir até os 300 mil euros, como no caso das vivendas da rúa Aragón.

É a todas luces intolerábel e incomprensíbel que unha sociedade participada maioritariamente polo Estado e cuxos activos proveñen do mil millonario rescate á banca privada con recursos públicos, pretenda agora facer caixa xogando á especulación inmobiliaria en lugar de utilizar eses inmóbeis para facilitar o acceso social á vivenda. Ademais en casos, como o de Privada Moderna, mediante o emprego dunha política de intimidación e acoso aos veciños por parte da SAREB, absolutamente inaceptable.

Aliás, esa decisión vai no sentido contrario da pretensión que sustenta o acordo suscrito entre a SAREB e a FEMP o mes de setembro do pasado ano 2023 co obxectivo de cooperaren cos concellos para contribuír ao impulso do parque de vivenda social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso, acreditamos en que a decisión que se debe adoptar é a de promover a cesión das vivendas da SAREB para a súa incorporación ao parque público de vivenda do IGVS ou de ser o caso ao Concello de Vigo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza en relación coa necesaria cesión de vivendas da SAREB en Vigo?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 17:49:38

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/04/2024 17:50:44

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 17:52:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a cesión das vivendas das que é titular a SAREB para uso social na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo, a maior urbe da Galiza, padece un gravísimo problema de acceso social á vivenda. Unha situación derivada do aumento continuado dos prezos do alugueiro que xa atinxe, segundo datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependente da Xunta de Galiza) unha suba do 49,6 % nos últimos dez anos. Esta suba representa de media un incremento de 207€ mensuais e de 2.484€ anuais, un esforzo económico que non acompaña a evolución da capacidade financeira das familias. Feito ao que se engaden o contínuo desprazamento da oferta de vivenda residencial cara a súa explotación turística, que acumula xa 1673 VUT rexistradas no REAT.

A dificultade de atopar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada ademais por un dato moi alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitacións en pisos compartidos xa superan os 300 euros mensuais. Unha situación especialmente alarmante, tendo en conta que a esta fórmula acoden as persoas de menores ingresos e en situación de grave vulnerabilidade social.

Fronte a esta crise de prezos no mercado libre, non existe por parte da Administración Pública unha provisión suficiente de vivenda protexida en aluguer que puidese permitir unha alternativa habitacional máis asequible. Nesta situación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carencia estrutural de parque público de vivendas e ante esta situación de crise de acceso á vivenda, a cesión do parque da SAREB ao IGVS supón un mecanismo áxil e eficaz para incrementar a oferta pública de vivenda.

Se ben descoñécense os datos reais a respecto da cantidade total de propiedades inmobiliarias e a súa tipoloxía das que é titular a SAREB na cidade de Vigo, nas últimas datas tense anunciado publicamente a intención de poñer á venda por parte desta sociedade, a prezo de mercado, 51 das 155 vivendas que posúe nunha promoción da rúa Aragón, 26 vivendas en Gran Vía e tamén 43 pisos na Privada Moderna, no barrio do Calvario, unha vez se realice a súa rehabilitación.

Se xa non tiña sentido que se pretenda, como parece querer facer o Goberno español, que comunidades autónomas ou concellos teñan que repagar inmobles que xa foron adquiridos a cargo de recursos públicos, moito menos que se poñan á venda a prezos de mercado que poden atinxir até os 300 mil euros, como no caso das vivendas da rúa Aragón.

É a todas luces intolerábel e incomprensíbel que unha sociedade participada maioritariamente polo Estado e cuxos activos proveñen do mil millonario rescate á banca privada con recursos públicos, pretenda agora facer caixa xogando á especulación inmobiliaria en lugar de utilizar eses inmóbeis para facilitar o acceso social á vivenda. Ademais en casos, como o de Privada Moderna, mediante o emprego dunha política de intimidación e acoso aos veciños por parte da SAREB, absolutamente inaceptable.

Aliás, esa decisión vai no sentido contrario da pretensión que sustenta o acordo suscrito entre a SAREB e a FEMP o mes de setembro do pasado ano 2023 co obxectivo de cooperaren cos concellos para contribuír ao impulso do parque de vivenda social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso, acreditamos en que a decisión que se debe adoptar é a de promover a cesión das vivendas da SAREB para a súa incorporación ao parque público de vivenda do IGVS ou de ser o caso ao Concello de Vigo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou a Xunta de Galiza ante a política de acoso por parte da SAREB nas vivendas da rúa Privada Moderna en Vigo?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2024 17:50:20

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/04/2024 17:50:29

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 17:52:06



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 23 de abril de 2024, o Congreso dos Deputados tomou en consideración unha proposición de lei presentada polo grupo parlamentario popular relativa á conservación do lobo en España e á súa cohabitación coa gandería extensiva e á loita contra o reto demográfico. Dita iniciativa lexislativa ten como obxectivo excluír ao lobo do Norte de España do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Lesrpe).

Cómpre lembrar que en setembro de 2021 o Goberno central aprobou a inclusión desta especie silvestre no Lesrpe, prohibindo o seu control en todo o territorio español e sen facer distincións por zonas. Fíxoo co voto en contra das actividades e sectores afectados, sen aval científico e sen consenso. E, ademais, sen ter actualizado previamente o censo do lobo.

Esta decisión foi recorrida por varias comunidades, entre elas Galicia. E non tivo en conta o impacto que ten a presión desta especie sobre a gandería, especialmente no norte do Douro. A realidade é que esta decisión do Goberno central resultou pouco efectiva á luz da evidencia do número crecente de ataques e á dificultade de coexistencia co medio rural.

A iniciativa lexislativa do grupo parlamentario popular ten como obxectivo modificar o real decreto que desenvolve o Lesrpe para que a prohibición do control sobre esta especie se circunscriba ás rexións do sur do Douro, tal e como estaba antes de 2021.

En 2023, a Comisión Europea comezou a recompilar datos pobocionais de grupos de expertos e das principais partes interesadas, entre elas as comunidades autónomas afectadas. Tendo en conta estes datos, a Comisión Europea propuxo un cambio substancial para que o lobo se considere unha “especie protexida” en lugar dunha especie “estritamente protexida”, adaptando o estatus do lobo, que é o que propón o PP.

Esta posición europea é totalmente contraria á que vén defendendo o Goberno de Pedro Sánchez, pero está na liña do que Galicia defende desde hai anos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cómpre destacar, ademais, que a proposta lexislativa que o Congreso dos Deputados tomou en consideración inclúe tamén a elaboración dunha nova estratexia para a xestión e a conservación do lobo. Unha nova estratexia que substitúa á aprobada en 2022 coa oposición de comunidades como Galicia.

De feito, a oposición de Galicia a dita estratexia deixou á comunidade fóra do reparto de fondos previstos para 2022, unha decisión que foi recorrida. Ademais, nada se sabe do reparto de fondos para 2023, que non recibiu ningunha comunidade debido a erros do Goberno central. Polo que, as comunidades están soportando todos os custos derivados das medidas de compensación e prevención nas explotacións gandeiras

Polo tanto, en resumo, a proposición de lei presentada polo grupo popular ten como obxectivo garantir a protección do lobo en España, dado o estado actual da especie e a súa conservación. E adaptando a xestión ao seu estado actual e real, poñendo fin a unha política estatal que non tivo éxito e só causou prexuízos.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en pleno:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da proposición de lei relativa á conservación do lobo que foi tomada en consideración polo Congreso dos Deputados?

Santiago de Compostela, 25 de abril 2024.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 25/04/2024 17:55:08

Carmen Pomar Tojo na data 25/04/2024 17:55:26

Silvestre Balseiros Guinarte na data 25/04/2024 17:55:41

María Deza Martínez na data 25/04/2024 17:55:51

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/04/2024 17:56:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Victoria Núñez López na data 25/04/2024 17:56:32

Roberto Rodríguez Martínez na data 25/04/2024 17:56:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Carmela González Iglesias, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións da Xunta de Galiza para frear a caída de tráfico e descarga de tñidos no porto da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comisión de Pesca do pasado 20 de xuño, este Grupo Parlamentar formulou varias preguntas relacionadas coa descarga de tñidos no porto da Pobra do Caramiñal.

Daquela xa expoñíamos que esta actividade véñse vendo mermada, tal e como recollen os datos de Portos de Galiza nos seus Informes de Xestión dos últimos anos. O director xeral de Pesca recoñeceu que esta situación era provocada por distintos factores e aludiu, entre outros, ao aumento do tráfico de mercadorías en contedores, á incidencia da inflación ou ao desvío das descargas por parte das empresas a outros portos.

Diante da nosa pregunta sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Mar para tratar de reverter o descenso da actividade portuaria na Pobra do Caramiñal, o director xeral non foi quen de concretalas nin tampouco de expoñer cales serían as accións a emprender polo seu departamento de cara ao futuro.

As empresas consignatarias son conscientes do risco que corre a súa viabilidade diante das persistentes cifras de descargas á baixa. A súa preocupación estendese tamén aos arredor de cen estibadores que desempeñan o seu traballo dun xeito estábel no porto da Pobra e a outros sectores directa ou indirectamente relacionados coa actividade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O porto da Pobra do Caramiñal foi durante anos un referente, incluso a nivel europeo, da descarga de tñidos. Hoxe, con eivas evidentes nas súas instalacións, tamén denunciadas por este Grupo Parlamentar en varias ocasións, con falta de atención e investimento para corrixilas por parte de Portos de Galiza e para tratar de adaptalas a tráfico de novas mercadorías, é á Consellería a quen non parece preocuparlle a situación.

Non se explica senón que o Goberno galego non tivera tomado xa medidas e que non tivese explorado, en contacto co sector afectado, posíbeis alternativas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para frear a preocupante caída de tráfico e descarga de tñidos no porto da Pobra do Caramiñal?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Deputada do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 17:59:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 17:59:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á suspensión do palangre e o enmalle da prohibición da CE ás artes de fondo no Atlántico nororiental e ao rexeitamento a posíbeis ampliacións de zonas vetadas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 87 zonas vedadas á pesca de artes de fondo en augas do Estado español, Portugal, Francia e Irlanda hai xa máis dun ano, foron froito dunha decisión da Unión Europea que se tomou sen informes científicos e socioeconómicos sobre o seu impacto e que supuxeron o absoluto rexeitamento da frota.

A norma que se vén aplicando faise sobre todas as artes que teñen contacto cos fondos mariños aínda que os datos nos que está baseada son fundamentalmente obtidos do impacto das artes móbiles, como o arrastre. Finalmente a arte estática do palangre foi, aínda sendo máis selectiva, a que acabou máis afectada.

Os distintos estudos realizados nestes meses corroboran o que a frota xa anticipara e ratifican os importantes prexuízos que se veñen causando ao sector e ás actividades, directa e indirectamente, relacionadas con el.

O Comité Científico, Técnico e Económico da Pesca (STECF), asesor da CE, publicou no verán pasado o ditame sobre o impacto das vedas. Nel, aínda que se recoñecen limitacións, recóllese que a frota do Estado español é a máis afectada, cunhas perdas que se situarían entre os 13 e os 16 millóns de euros ao ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A finais do pasado ano tamén se fixo público o levado a cabo polo IEO, centrado nos caladoiros do Cantábrico, Galiza e o Golfo de Biscaia, que aporta novos datos e que certifica o enorme impacto que están a ter sobre a frota do palangre as vedas impostas por Bruxelas.

Diante da posíbel ampliación das zonas vedadas, propostas polo Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) á Comisión, o sector insiste en facer evidente que continúan sen existir nin probas científicas sólidas nin tampouco estudos do impacto social que terían novas medidas dese tipo. Así, a FNCP reiterou ao comisario de Pesca que o veto á pesca de fondo emprega só datos das artes móbiles e non do palangre.

De novo, corremos o risco de que se estendan novas zonas de veda caendo nos mesmos erros que levan provocado xa tantas perdas económicas e mesmo recursos xudiciais contra decisións que non foron avaladas por ningún tipo de informe.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado a cabo o Goberno galego dende outubro de 2022 para paliar as consecuencias que a decisión da CE, de prohibición de 87 zonas á pesca de artes de fondo, está a ter sobre a frota de palangre galega?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Carmela González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 25/04/2024 18:08:01

Paulo Ríos Santomé na data 25/04/2024 18:09:51

Carmela González Iglesias na data 25/04/2024 18:10:32

Daniel Castro García na data 25/04/2024 18:10:58

Daniel Pérez López na data 25/04/2024 18:11:56



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

